



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 513
30 de xullo de 2019

Fascículo 2



CSV: BOPGDSPGT2coNUSW17

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

I 52583 (10/PRE-015096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posta en marcha por parte do Goberno galego de campañas de concienciación masivas destinadas ao fomento do uso de bolsas reutilizables [167634](#)

I 52589 (10/PRE-015097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia de que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva [167637](#)

I 52596 (10/PRE-015098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a reforma por parte do Goberno galego da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia [167639](#)

I 52624 (10/PRE-015099)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que deben adoptar a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en relación coas condicións laborais dos profesionais de enfermaría, así como coa cobertura e coa oferta de prazas desa especialidade [167642](#)

I 52625 (10/PRE-015100)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que deben adoptar a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en relación coas condicións laborais do persoal dos puntos de atención continuada, así como coa cobertura e coa oferta de prazas para estes profesionais [167645](#)

I 52626 (10/PRE-015101)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón



Sobre as medidas que deben adoptar a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en relación coas condicións laborais do persoal dos puntos de atención continuada, así como coa cobertura e coa oferta de prazas para estes profesionais [167648](#)

I 52627 (10/PRE-015102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para organizar e garantir a calidade asistencial durante o período estival nas zonas da costa ou receptoras de turismo [167651](#)

I 52668 (10/PRE-016204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a valoración feita polo Goberno galego das solicitudes para a ocupación temporal de locais no edificio administrativo da Xunta de Galicia situado na rúa Benito Corbal de Pontevedra [167654](#)

I 52671 (10/PRE-016205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a previsión da Consellería de Sanidade en relación co problema de saturación e de sobrecarga para os profesionais e para os pacientes do Centro de Saúde de Meaño [167657](#)

I 52692 (10/PRE-016206)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos correspondentes ao índice de produción industrial de maio do 2019 [167660](#)

I 52693 (10/PRE-016327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos correspondentes á Enquisa de condicións de vida referidas ao ano 2018 [167661](#)

I 52697 (10/PRE-016328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a homologación por parte do Goberno galego do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido [167663](#)

I 52711 (10/PRE-016329)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre o proceso de adxudicación dun local no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra á fundación Red Madre [167666](#)



I 52727 (10/PRE-016545)**Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións da Consellería de Sanidade co fin de dar a coñecer e de fomentar a utilización do Rexistro Galego de Instrucións Previas [167672](#)

I 52731 (10/PRE-016546)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre a promoción por parte do Goberno galego da presentación da candidatura do xeoparque da Costa da Morte como xeoparque mundial, dentro do Programa internacional de ciencias da Terra e xeoparques da UNESCO, así como a súa integración nas redes europea e mundial de xeoparques [167672](#)

I 52734 (10/PRE-016547)**Grupo Parlamentario Mixto****Rodríguez Estévez, David**

Sobre o uso da casa da Pedraqueira situada no lugar da Ribeira, na parroquia de Reis, en Teo [167674](#)

I 52735 (10/PRE-016548)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e 2 máis**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o mantemento do uso industrial e dos postos de traballo nos terreos que ocupa na actualidade Factorías Vulcano [167676](#)

I 52764 (10/PRE-017151)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre avaliación por parte da Xunta de Galicia da asimetría entre o rural e as cidades no que respecta ao número de denuncias por violencia machista e aos recursos dispoñibles para as mulleres vítimas desta violencia, así como as medidas que debe adoptar para mellorar eses recursos [167678](#)

I 52769 (10/PRE-017472)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a avaliación por parte do Goberno galego das posibles disfuncións ocasionadas pola aplicación da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia [167681](#)

I 52774 (10/PRE-017493)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a supresión por parte da Xunta de Galicia do grao medio de formación profesional correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil [167683](#)

I 52783 (10/PRE-017494)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre a necesidade de cubrir a asistencia pediátrica no concello de Camariñas [167686](#)



I 52758 (10/PRE-017495)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Supremo pola que declarou nulo o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

[167690](#)**I 52790 (10/PRE-017496)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita

[167692](#)**I 52794 (10/PRE-017497)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis**

Sobre a adjudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil ofertado no Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada

[167697](#)**I 52796 (10/PRE-017498)****Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre a intención da Consellería de Sanidade de referendar na mesa sectorial o acordo polo que se amplía o contrato eventual de continuidade á categoría de enfermaría

[167699](#)**I 52800 (10/PRE-017499)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Torregrosa Sañudo, Julia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

[167703](#)**I 52812 (10/PRE-017500)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a necesidade de dotar a ría de Corcubión dunhas instalacións que permitan a atracada das embarcacións de recreo

[167706](#)**I 52824 (10/PRE-017501)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre o establecemento do réxime de concorrencia non competitiva no proceso de concesión de subvencións relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente

[167708](#)**I 52834 (10/PRE-017502)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e algúns concellos galegos [167710](#)

I 52841 (10/PRE-017503)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para solucionar os problemas ambientais e de saúde pública provocados polas verteduras ao río Furelos [167711](#)

I 52843 (10/PRE-017504)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre os datos do Servizo Galego de Saúde respecto da actividade asistencial na atención primaria [167715](#)

I 52849 (10/PRE-017505)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a posta en funcionamento dun punto de atención continuada en horario de tarde no Centro de Saúde de Rianxo [167719](#)

I 52851 (10/PRE-017506)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a expedición en castelán do certificado de realización das actividades do programa Correspondentes xuvenís do ano 2019 [167721](#)

I 52856 (10/PRE-017507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa inclusión da vacina contra a meninxite B no calendario vacínico [167723](#)

I 52859 (10/PRE-017508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as medidas correctoras tomadas polo Goberno galego dende o ano 2011 en relación coas verteduras contaminantes nas augas do río Furelos no concello de Melide [167725](#)

I 52869 (10/PRE-017509)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre o situación actual do proceso de tramitación do Plan xeral de ordenación municipal do Concello do Grove [167727](#)

I 52876 (10/PRE-017510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre as actuacións do Goberno galego tendentes a establecer un sistema estable de financiamento nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios [167729](#)

I 52890 (10/PRE-017511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para acadar un servizo pediátrico suficiente e de calidade no concello de Abadín [167734](#)

Admisión da retirada e publicación

I 43731 (10/PRE-016728)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a necesidade dunha cuberta e dunha pasarela de acceso nas instalacións do Colexio San Vincenzo, de Vimianzo [167737](#)

I 47835 (10/PRE-016785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de asinar convenios de colaboración co Concello de Zas e coas entidades culturais Adro e Badius para a difusión da figura e obra do intelectual, escritor e poeta baiés Enrique Labarta Pose, así como as súas previsións ao respecto [167737](#)

I 49028 (10/PRE-016805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o risco de derrubamento que presentan as cubertas da casa reitoral e o pombal de Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños, así como o mantemento dalgún contacto coa Diocese de Santiago de Compostela ao respecto [167737](#)

I 44038 (10/PRE-017412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do Plan estratéxico galego 2015-2020 no porto de Malpica [167738](#)

I 44365 (10/PRE-017416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido no ano 2015, así como as medidas previstas ao respecto [167738](#)

I 44795 (10/PRE-017421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde o ano 2015 e as que vai desenvolver no ano 2019 para a divulgación das axudas convocadas para investimentos que fomenten a pesca sustentable e a sensibilización respecto do cambio climático, así como a súa valoración en relación co crédito orzamentario destinado para ese fin [167738](#)

I 44884 (10/PRE-017422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde o ano 2015 e as previstas para o ano 2019 para a divulgación das axudas e a sensibilización respecto da necesidade de realizar investimentos en novas tecnoloxías ou innovacións na organización do traballo a bordo dos buques pesqueiros [167738](#)

I 45057 (10/PRE-017425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos da última Enquisa de poboación activa en canto ás persoas ocupadas no mar e as medidas que vai adoptar o Goberno galego para recuperar os niveis de emprego neste sector [167738](#)

I 46261 (10/PRE-017435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da demora na execución real do plan de sinalización de bateas anunciado no ano 2015, as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde ese ano ata setembro de 2018 e as súas previsións ao respecto [167738](#)

I 47822 (10/PRE-017445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a execución por Portos de Galicia das actuacións de reparación da pasarela peonil do porto de Camariñas [167738](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2019, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a dona María Teresa Porritt Lueiro [167632](#)

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2019, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia a don Gonzalo Caballero Míguez [167633](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 26 de xullo de 2019, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 52583 (10/PRE-015096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posta en marcha por parte do Goberno galego de campañas de concienciación masivas destinadas ao fomento do uso de bolsas reutilizables

- 52589 (10/PRE-015097)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia de que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva

- 52596 (10/PRE-015098)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre a reforma por parte do Goberno galego da Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia

- 52624 (10/PRE-015099)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as medidas que deben adoptar a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en relación coas condicións laborais dos profesionais de enfermaría, así como coa cobertura e coa oferta de prazas desa especialidade

- 52625 (10/PRE-015100)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que deben adoptar a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en relación coas condicións laborais do persoal dos puntos de atención continuada, así como coa cobertura e coa oferta de prazas para estes profesionais

- 52626 (10/PRE-015101)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón



Sobre as medidas que deben adoptar a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde en relación coas condicións laborais do persoal dos puntos de atención continuada, así como coa cobertura e coa oferta de prazas para estes profesionais

- 52627 (10/PRE-015102)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade para organizar e garantir a calidade asistencial durante o período estival nas zonas da costa ou receptoras de turismo

- 52668 (10/PRE-016204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a valoración feita polo Goberno galego das solicitudes para a ocupación temporal de locais no edificio administrativo da Xunta de Galicia situado na rúa Benito Corbal de Pontevedra

- 52671 (10/PRE-016205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a previsión da Consellería de Sanidade en relación co problema de saturación e de sobrecarga para os profesionais e para os pacientes do Centro de Saúde de Meaño

- 52692 (10/PRE-016206)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos correspondentes ao índice de produción industrial de maio do 2019

- 52693 (10/PRE-016327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos correspondentes á Enquisa de condicións de vida referidas ao ano 2018

- 52697 (10/PRE-016328)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a homologación por parte do Goberno galego do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido

- 52711 (10/PRE-016329)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos

Sobre o proceso de adjudicación dun local no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra á fundación Red Madre



- 52727 (10/PRE-016545)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións da Consellería de Sanidade co fin de dar a coñecer e de fomentar a utilización do Rexistro Galego de Instrucións Previas

- 52731 (10/PRE-016546)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a promoción por parte do Goberno galego da presentación da candidatura do xeoparque da Costa da Morte como xeoparque mundial, dentro do Programa internacional de ciencias da Terra e xeoparques da UNESCO, así como a súa integración nas redes europea e mundial de xeoparques

- 52734 (10/PRE-016547)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David

Sobre o uso da casa da Pedraqueira situada no lugar da Ribeira, na parroquia de Reis, en Teo

- 52735 (10/PRE-016548)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e 2 máis

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para garantir o mantemento do uso industrial e dos postos de traballo nos terreos que ocupa na actualidade Factorías Vulcano

- 52764 (10/PRE-017151)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre avaliación por parte da Xunta de Galicia da asimetría entre o rural e as cidades no que respecta ao número de denuncias por violencia machista e aos recursos dispoñibles para as mulleres vítimas desta violencia, así como as medidas que debe adoptar para mellorar eses recursos

- 52769 (10/PRE-017472)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre a avaliación por parte do Goberno galego das posibles disfuncións ocasionadas pola aplicación da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia

- 52774 (10/PRE-017493)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a supresión por parte da Xunta de Galicia do grao medio de formación profesional correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil

- 52783 (10/PRE-017494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a necesidade de cubrir a asistencia pediátrica no concello de Camariñas



- 52758 (10/PRE-017495)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego en relación coa sentenza do Tribunal Supremo pola que declarou nulo o Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa

- 52790 (10/PRE-017496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Servizo Galego de Saúde en relación co concerto asinado con Povisa para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita

- 52794 (10/PRE-017497)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a adjudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil ofertado no Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada

- 52796 (10/PRE-017498)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a intención da Consellería de Sanidade de referendar na mesa sectorial o acordo polo que se amplía o contrato eventual de continuidade á categoría de enfermaría

- 52800 (10/PRE-017499)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

- 52812 (10/PRE-017500)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a necesidade de dotar a ría de Corcubión dunhas instalacións que permitan a atracada das embarcacións de recreo

- 52824 (10/PRE-017501)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Pérez Seco, José Manuel

Sobre o establecemento do réxime de concorrencia non competitiva no proceso de concesión de subvencións relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente

- 52834 (10/PRE-017502)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis



Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e algúns concellos galegos

- 52841 (10/PRE-017503)

Grupo Parlamentario Mixto

Rodríguez Estévez, David e 3 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para solucionar os problemas ambientais e de saúde pública provocados polas verteduras ao río Furelos

- 52843 (10/PRE-017504)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Sánchez García, Antón

Sobre os datos do Servizo Galego de Saúde respecto da actividade asistencial na atención primaria

- 52849 (10/PRE-017505)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a posta en funcionamento dun punto de atención continuada en horario de tarde no Centro de Saúde de Rianxo

- 52851 (10/PRE-017506)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a expedición en castelán do certificado de realización das actividades do programa Correspondentes xuvenís do ano 2019

- 52856 (10/PRE-017507)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa inclusión da vacina contra a meninxite B no calendario vacínico

- 52859 (10/PRE-017508)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as medidas correctoras tomadas polo Goberno galego dende o ano 2011 en relación coas verteduras contaminantes nas augas do río Furelos no concello de Melide

- 52869 (10/PRE-017509)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre o situación actual do proceso de tramitación do Plan xeral de ordenación municipal do Concello do Grove

- 52876 (10/PRE-017510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre as actuacións do Goberno galego tendentes a establecer un sistema estable de financiamento nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios

- 52890 (10/PRE-017511)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 3 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para acadar un servizo pediátrico suficiente e de calidade no concello de Abadín

Admisión da retirada e publicación

- 43731 (10/PRE-016728)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a necesidade dunha cuberta e dunha pasarela de acceso nas instalacións do Colexio San Vincenzo, de Vimianzo

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52915

- 47835 (10/PRE-016785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de asinar convenios de colaboración co Concello de Zas e coas entidades culturais Adro e Badius para a difusión da figura e obra do intelectual, escritor e poeta baiés Enrique Labarta Pose, así como as súas previsións ao respecto

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52915

- 49028 (10/PRE-016805)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar o risco de derrubamento que presentan as cubertas da casa reitoral e o pombal de Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños, así como o mantemento dalgún contacto coa Diocese de Santiago de Compostela ao respecto

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52915

- 44038 (10/PRE-017412)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do Plan estratéxico galego 2015-2020 no porto de Malpica

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52896

- 44365 (10/PRE-017416)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación actual do plan de sinalización de bateas comprometido no ano 2015, así como as medidas previstas ao respecto

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52896

- 44795 (10/PRE-017421)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde o ano 2015 e as que vai desenvolver no ano 2019 para a divulgación das axudas convocadas para investimentos que fomenten a pesca sustentable e a sensibilización respecto do cambio climático, así como a súa valoración en relación co crédito orzamentario destinado para ese fin

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52896

- 44884 (10/PRE-017422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde o ano 2015 e as previstas para o ano 2019 para a divulgación das axudas e a sensibilización respecto da necesidade de realizar investimentos en novas tecnoloxías ou innovacións na organización do traballo a bordo dos buques pesqueiros

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52896

- 45057 (10/PRE-017425)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración por parte do Goberno galego dos datos da última Enquisa de poboación activa en canto ás persoas ocupadas no mar e as medidas que vai adoptar o Goberno galego para recuperar os niveis de emprego neste sector

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52896

- 46261 (10/PRE-017435)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da demora na execución real do plan de sinalización de bateas anunciado no ano 2015, as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego desde ese ano ata setembro de 2018 e as súas previsións ao respecto

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52896

- 47822 (10/PRE-017445)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a execución por Portos de Galicia das actuacións de reparación da pasarela peonil do porto de Camariñas

A Mesa admite a retirada solicitada no doc. núm. 52896

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.1. Composición do Pleno

Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2019, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputada electa do Parlamento de Galicia a dona María Teresa Porritt Lueiro

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 12 de xullo de 2019 (docs. núm. 52576 e 52623) polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a dona María Teresa Porritt Lueiro, candidata do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscrición electoral da Coruña, pola renuncia de D. Juan Manuel Díaz Villoslada, así como da correspondente credencial que a acredita como tal (doc. núm. 52623).

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia do 12 de xullo de 2019 polo que se proclama deputada electa da Cámara galega a dona María Teresa Porritt Lueiro, candidata do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE nas eleccións autonómicas de 2016, con efectos xurídicos desde o 12 de xullo de 2019.

2º. Tomar coñecemento da credencial expedida polo citado órgano da administración electoral.

3º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Acordo da Mesa do Parlamento, do 17 de xullo de 2019, polo que se toma coñecemento do Acordo da Xunta Electoral de Galicia polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia a don Gonzalo Caballero Míguez

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Examínase o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 12 de xullo de 2019 (doc. núm. 52575) polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia a D. Gonzalo Caballero Míguez, candidato do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE nas eleccións autonómicas de 2016 pola circunscrición electoral de Pontevedra, pola renuncia de D. Abel Fermín Losada Álvarez.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Tomar coñecemento do acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 12 de xullo de 2019, polo que se proclama deputado electo do Parlamento de Galicia a D. Gonzalo Caballero Míguez, candidato do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE nas eleccións autonómicas de 2016, con efectos xurídicos desde o 12 de xullo de 2019.

2º. Comunicar este acordo á Intervención e Asuntos Económicos, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e aos servizos de Tecnoloxías da Información e de Asistencia Parlamentaria.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O 32 % de todo o plástico que utilizamos os seres humanos acaba na natureza. Calcúlase que cada ano 8 millóns de toneladas de plástico chegan a mares e océanos, polo que o Foro Económico Mundial informa que en 2050 no mar haberá máis plásticos que peixes. Segundo a ONG “Greenpeace”, os plásticos representan o 80 % do total dos residuos mariños. A cantidade de residuos plásticos no mar non para de medrar e iso afecta aos ecosistemas, á biodiversidade e tamén á saúde humana.

A UE é o segundo maior produtor de plásticos do mundo, con preto de 50 millóns de toneladas anuais. Na UE, a media de consumo de bolsas de plástico é de 176 por persoa e ano (España ronda as 150), é un produto de vida útil tan efémera que tan só se usa 15 minutos de media e tarda décadas e se descompoñer. En España estarán prohibidas as de plástico convencional moi lixeiras e lixeiras a partires de 2021; as grosas e as oxodegradables, a partires de 2020.

Existen realmente as bolsas de plástico biodegradables ou compostables, de acordo coa definición da normativa europea EN 13432:2000 relativa a envases e embalaxes? A Universidade de Plymouth (Reino Unido) ten publicado recentemente un documento -onde se examinaba a degradación de 5 materiais de bolsas de plástico, expostos ao ar, o chan e o mar-, que chegou ao resultado seguinte: As bolsas biodegradables, oxodegradables e convencionais seguían a ser válidas para ir con elas ao supermercado 3 anos despois de ser expostas ao medio ambiente. Só as compostables desapareceron do mar despois de 3 meses, aínda que seguían presentes na terra despois de 27 meses. A ONG “Greenpeace” acaba de chegar resultados semellantes, incidindo ademais en que as compostables, polo xeral, se degradan a altísimas temperaturas (máis de 70º) e certas condicións de aireación que, nos océanos especialmente non existen, polo que quedan aí anos e anos. E aínda así, como moitísimas chegan aos mares, ata que se degradasen estarían a disposicións de que a fauna mariña as inxerise igualmente.



Polo tanto, todas estas solucións non evitan o cerne do problema, que é a cultura de usar e tirar; polo tanto, só as bolsas reutilizables (de tela ou de outros materiais) permiten utilizalas durante moitos anos e reducir a xeración de residuos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é a opinión do Goberno da Xunta de Galicia sobre os resultados do recente estudo da Universidade de Plymouth (Reino Unido) sobre a degradación de cinco materiais de bolsas de plástico expostos a condicións medioambientais?
2. Cal é a opinión do Goberno respecto ás conclusións da ONG “Greenpeace”?
3. Que está a facer o Goberno na loita contra as bolsas de plástico en Galicia?
4. Comparte o Goberno que as bolsas reutilizables son a única alternativa real ás bolsas dun só uso?
5. Ten intención o Goberno de poñer en marcha campañas de concienciación masivas para as persoas consumidoras e usuarias que aumenten a demanda de substitutos sustentables e fomenten o uso de bolsas reutilizables? Cando?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/07/2019 10:49:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/07/2019 10:50:06





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/07/2019 10:52:56
Nº Rexistro: 52583
Data envío: 15/07/2019 10:52:56.213

María Luisa Pierres López na data 15/07/2019 10:50:20

CSV: BOPGDSPGT2rcNuSW17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Mais por desgraza, nestes últimos anos de Goberno de Feijóo a Administración de Xustiza en Galicia sinalou a falta de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa comunidade ten no eido dunha institución tan esencial.

Nestes días, o sindicato UGT-Xustiza ten comunicado o inicio das xestións necesarias para instaurar servizos de garda 24 horas na xurisdición penal para as cidades de A Coruña e Vigo, pois a diario chegan aos xulgados de instrución de garda das dúas cidades multitude de asuntos penais que deberían ser axilizados. Unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

O propio Consello Xeral do Poder Xudicial ten emitido informe favorable á prestación do servizo 24 horas de garda nas cidades de Murcia, Granada, Las Palmas ou, no pasado mes de marzo, Córdoba (con 342.806 habitantes en 2018, tendo A Coruña, 378.467 e Vigo, 337.735). De feito, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os de A Coruña e Vigo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:



1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva?
2. Concorda o Goberno en que son precisos servizos de garda 24 horas na xurisdición penal para as cidades de A Coruña e Vigo, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas ?
3. Vai emitir informe favorable o Goberno, a través da Comisión Mixta, para que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia propoña que o servizo de garda nos xulgados de instrución de A Coruña e de Vigo se pase a prestar cun período de 24 horas?
4. Vai dotar o Goberno a eses xulgados de instrución de A Coruña e de Vigo dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/07/2019 11:12:23

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 15/07/2019 11:12:34



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No ano 2003, Galicia era a segunda Comunidade en España en ditar unha lei que estendese o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, a Lei 10/2003, do 26 de decembro. Pasados case 16 anos, esta lei precisa reformas:

1. O obxecto que esta lei describe (recoñecer e garantir, dentro da Comunidade, a toda persoa, que como consecuencia da súa discapacidade teña que ir acompañada dun can de asistencia, o seu dereito a acceder, deambular e permanecer con ese can en calquera lugar, público ou privado) está xa obsoleto. Así, na recente lei da Comunidade de Castela e León, o dereito de acceso garántese tamén para outras persoas que precisen da utilización dun can de asistencia para promover a súa autonomía persoal e amplíase o dereito de acceso a outros ámbitos, singularmente o laboral e os espazos privados de uso colectivo.

2. Contémplanse dous tipos de cans de asistencia, o can guía e o can de servizo para persoas con discapacidade física, incluíndo unha habilitación para que por vía regulamentaria se puidesen establecer as condicións e requisitos para o recoñecemento e suspensión desta condición ao animal e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar a especialización dos adestradores e os requisitos que deberán cumprir os centros de adestramento para obter a homologación correspondente. Non obstante e malia que se daba un prazo dun ano dende a entrada en vigor, a lei non tivo desenvolvemento regulamentario, polo que non existe en Galicia procedemento de acreditación, rexistro nin identificación oficial dos cans de asistencia.

3. Non se regula a posible identificación do can en formación para a asistencia que, a instancia da entidade de adestramento, podería ter un distintivo de identificación oficial coa fin de posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento. Tampouco recoñece aos cans guía acreditados como tales á entrada en vigor da lei, que deberían ser recoñecidos de oficio como unidades de vinculación dende aquela data.

4. A lei só prevé a promoción pola Xunta de Galicia de campañas informativas,



divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas á poboación en xeral, pero non di nada de promover ese tipo de campañas para os centros de ensino ou sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.

5. Por último, non se ten en conta a existencia de cans procedentes de fóra de Galicia nin a figura de “cans de asistencia xubilados”, como fai a recente lei da Comunidade de Castela e León.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai reformar o Goberno galego a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia? Cando?
2. Cando ten previsto o Goberno ditar disposicións de desenvolvemento de dita lei?
3. Vai abrir o Goberno un procedemento participativo de cara a ese desenvolvemento? Cando?
4. Pensa o Goberno que a lei debería posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento?
5. Pensa o Goberno recoñecer de oficio como unidades de vinculación aos cans guía acreditados como tales á entrada en vigor da lei en 2003?
6. Pensa o Goberno ter en conta a existencia de cans procedentes de fóra de Galicia e a figura de “cans de asistencia xubilados”?
7. Vai promover o Goberno campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas especialmente aos centros de ensino e a sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos?
8. Ten intención o Goberno de potenciar o Comité Consultivo para a Protección Animal, regulado na lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, como órgano de consulta e asesoramento con relación aos cans de asistencia?

Pazo do Parlamento, 15 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 15/07/2019 11:17:13

Noela Blanco Rodríguez na data 15/07/2019 11:17:23

Julio Torrado Quintela na data 15/07/2019 11:17:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/07/2019 11:17:44

María Luisa Pierres López na data 15/07/2019 11:17:53



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo integrantes do **grupo parlamentario de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 152 e consecutivos do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPONSA Escrita**

A enfermaría galega arrastra dende hai anos unha situación de precariedade laboral insostible que se agrava co paso do tempo. O persoal eventual sofre a mobilidade non escollida entre servizos, a concatenación de contratos e a restrición de permisos: pola ausencia de contratos dignos estas profesionais non disfrutan do dereito a vacacións, a permisos por xestación, enfermidade ou doutra índole.

Isto conleva dificultades para a conciliación da vida familiar, laboral e social. Ademais vense sometidas á política de recursos humanos de penalizacións nas listas de contratación ante o posible rexeitamento dunha oferta, o cal condiciona un réxime de vida absolutamente dependente desta precariedade laboral. Esta situación afecta no noso país a en torno a dez mil enfermeiras formadas e cualificadas. A convocatoria de oposicións para a fixación de emprego non resolve a situación na medida en que, ao resultar as prazas insuficientes, as profesionais vense abocadas a concorrer ano tras anos malia teren aprobado as convocatorias previas. Esta supón unha escravitude máis nas súas condicións laborais e vitais.

Por ese motivo, ante esas políticas de mal trato cos recursos humanos do Servizo Galego de Saúde naceu o colectivo Enfermeiras Eventuais en Loita, que establece tres liñas de reivindicación: a de loitar contra a precariedade laboral no seu ámbito, defender a sanidade pública, universal e de calidade e avanzar no recoñecemento da Enfermaría como disciplina autónoma.

A precariedade nestas traballadoras, con situacións de incertezas e ausencia de garantías laborais redonda no coidado que poden administrar, descoidando a máxima de que é preciso coidar de quen nos coida.

O labor enfermeiro é imprescindible nun sistema sanitario público que aspire á calidade, e debe ser valorado na súa faceta asistencial, investigadora e docente,





así como en postos de responsabilidade no deseño de políticas de saúde pública e xestión.

Recentemente a administración sanitaria galega anunciou un contrato que pretendía dar continuidade e estabilidade a este valioso e capacitado colectivo profesional. Mais este contrato ten evidentes eivas:

- Permite non adxudicar o 100% das vacantes, convertendo algunha delas nesta modalidade.
- Obriga ás enfermeiras que o asinen e que presten os seus servizos en Primaria a asumir un mínimo de dúas gardas ao mes cun contrato de gardas que non remunerará a nocturnidade nin a festividade.
- Permite ter un contrato de acumulación de tarefas de doce meses en como mínimo dous centros sen garantías de continuidade asistencial.
- Limita a posibilidade de disfrute de vacacións na medida en que as profesionais que asuman este contrato cobren as vacacións das compañeiras titulares.
- Descoñécese o 40% da carteleira con antelación, o cal condiciona a conciliación da vida laboral, familiar e social das traballadoras e traballadores.
- A xornada laboral é de 48 horas semanais ou 190 horas mensuais en cómputo semestral (1140 horas en seis meses), quedando en mans da administración sanitaria a súa distribución. Isto ampara certa arbitrariedade na organización das xornadas laborais, podendo durar unha xornada ata 31 horas segundo os cálculos das propias profesionais.

Por isto dende o grupo parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito

-Cal é a dotación actual de profesionais de enfermaría, as previsións de necesidades deste colectivo profesional, cantas vacantes existen no SERGAS e cal é a programación ao respecto da súa cobertura e con que modalidade de contrato?

-Cales son as estimacións de convocatoria de prazas nas sucesivas oposicións para profesionais de enfermaría?

-Que ten pensado facer a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, á marxe deste contrato de continuidade, para combater a precariedade do colectivo de enfermeiras eventuais e para dignificar a súa situación laboral?





-Que medidas vai tomar o SERGAS para potenciar a figura da enfermeira na educación para a saúde, na xestión de políticas sanitarias, no deseño de medidas en materia de saúde pública e en investigación?

-Que programas de fomento de políticas de bo trato van desenvolver desde a Consellería de Sanidade para coidar das e dos seus profesionais sanitarios, tendo en conta a máxima de “coidar do persoal que coida”?

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 16/07/2019 11:02:18

Paula Quinteiro Araújo na data 16/07/2019 11:02:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Antón Sánchez García integrantes do **grupo parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 152 e consecutivos do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPONSA Escrita**

O Conflito dos PACs e a escasa vontade do SERGAS para a súa resolución.

O Persoal dos Puntos de Atención Continuada ven de cumprir douscentos días en folga. Atópanse ante un conflito de índole laboral e asistencial ante o cal o SERGAS manifesta unha escasa vontade de resolución. A folga deste colectivo susténtase na petición de que se cumpra o pacto que rexe as súas condicións laborais, que se realice un axeitado cómputo da xornada no calendario, que se revisen os plans funcionais (ou sexa, as necesidades de recursos humanos tendo en conta variables como a frecuentación , a dispersión, a estacionalidade, a sinistralidade ou a distancia a centros hospitalares de referencia) e que se abonen os complementos estipulados.

Mentres, o Servizo Galego de Saúde mantén a súa liña de mutismo evitando acadar unha solución para o conflito. Recentemente produciuse por parte da Consellería de Sanidade unha nova negativa: a de aceptar a figura de mediación ante a falta de diálogo. A isto súmanse dous meses sen respostas ante as solicitudes de reunión e ausencia de comunicación efectiva a través das súas xerencias de xestión integrada.

O SERGAS ven empregando a coartada das “necesidades de servizo” para ocultar a súa manifesta falta de previsión e organización na cobertura de ausencias previstas entre as súas profesionais.

A ausencia de plans de continxencia induce que o persoal se vexa abocado a traballar con dotacións baixo os mínimos definidos nas propias normas internas, en condicións de sobrecarga asistencial considerable, con situacións de estrés insostible, de cuestionamento dos seus dereitos laborais e condicionando a calidade asistencial ao seu esforzo persoal.

Dita sobrecarga pode limitar gravemente a atención ás persoas usuarias dos Puntos de Atención Continuada, con niveis de gravidade tremendamente variables. Cómpre lembrar que a carteira de servizos destes dispositivos é





amplísima, diversa e abrangue todo o espectro horario e toda a xeografía galega, atendendo desde neonatos ata anciáns, desde problemas banais ambulatorios ata traslados medicalizados de patoloxías graves como síndrome coronarias, accidentes de tránsito ou enfermidades con risco vital inminente. Compre tamén lembrar que tamén realiza atención á franxa de idade pediátrica nun contexto de infradotación clamorosa no ámbito da atención primaria, especialmente no rural. E que, ante o panorama crecente de lista de agarda no horario ordinario, a atención continuada non ofrece barreiras.

A accesibilidade e a continuidade asistencial son outros dous elementos que dotan de valor a asistencia que se presta nos PACs como recursos que forman parte da Atención Primaria. Isto resulta, á súa vez, un elemento que engade unha sobrecarga ineludible, dado o contexto actual: os PACs asúmeno todo, sen citas, sen programación e sen barreiras nin regulacións no acceso.

Ademais non deixa de resultar contraditoria a infradotación destes dispositivos xusto cando o Presidente da Xunta anuncia a xeralización da hospitalización domiciliaria a todo o territorio, consolidando a fragmentación da primaria e a tendencia hospitalocentrista. Por unha banda resulta inverosímil conseguir o nivel de dotación profesional que se require e por outra sorprende a duplicidade de recursos cando a atención en toda a xeografía xa se está a prestar por unha Primaria e uns PACs solventes, aínda que carenciados e deficitarios de persoal. Parece obvio que esta operación traduce un interese propagandístico, habida conta a proximidade electoral e a ocupación de portadas e titulares.

Ante esta situación xurdíu o colectivo autoorganizado “Pacs en pie de Guerra”, integrado por profesionais médicas e de enfermaría, que teñen mostrado compromiso coa cidadanía e coa sanidade pública. Mediante a súa reivindicación instan ao Sergas a que asuma a súa responsabilidade de ofrecer unha asistencia sanitaria digna e de calidade, a que garanta os dereitos das e dos traballadores e que facilite as canles de comunicación establecidas para resolver o seu conflito, que xa se prolonga un ano e medio.

Por isto dende o grupo parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito

- Cando se materializarán as revisións periódicas dos Plans Funcionais que constan no Pacto do ano 2.008, onde están incluídos aspectos como:





- a dotación de persoal (horas estruturais que marcan os servizos mínimos)
 - os plans de continxencia para ausencias imprevistas
 - e a conformación de calendarios atendendo ao que se especifica no Pacto?
- Cando se desenvolverán as medidas negociadas entre a Consellería de Sanidade e o persoal dos PACs que xa se anunciaron en prensa en materia de seguridade e de retribución da manutención nas quendas de 24 horas (dúas comidas)?
 - Cando se deixará de aplicar a Lei de medidas transitorias, que, unha vez rematada a “mal chamada crise” segue a causar gran perxuízo económico para moitos colectivos, entre eles o persoal dos PACs? Cal é o obxecto de manter os recortes retributivos no persoal dos PACs (remuneración de complementos) trala aprobación dos “maiores orzamentos da historia”?

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 16/07/2019 11:02:56

Antón Sánchez García na data 16/07/2019 11:03:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Antón Sánchez García integrantes do **grupo parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 152 e consecutivos do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPONSA Escrita**

O Conflito dos PACs e a escasa vontade do SERGAS para a súa resolución.

O Persoal dos Puntos de Atención Continuada ven de cumprir douscentos días en folga. Atópanse ante un conflito de índole laboral e asistencial ante o cal o SERGAS manifesta unha escasa vontade de resolución. A folga deste colectivo susténtase na petición de que se cumpra o pacto que rexe as súas condicións laborais, que se realice un axeitado cómputo da xornada no calendario, que se revisen os plans funcionais (ou sexa, as necesidades de recursos humanos tendo en conta variables como a frecuentación, a dispersión, a estacionalidade, a sinistralidade ou a distancia a centros hospitalares de referencia) e que se abonen os complementos estipulados.

Mentres, o Servizo Galego de Saúde mantén a súa liña de mutismo evitando acadar unha solución para o conflito. Recentemente produciuse por parte da Consellería de Sanidade unha nova negativa: a de aceptar a figura de mediación ante a falta de diálogo. A isto súmanse dous meses sen respostas ante as solicitudes de reunión e ausencia de comunicación efectiva a través das súas xerencias de xestión integrada.

O SERGAS ven empregando a coartada das “necesidades de servizo” para ocultar a súa manifesta falta de previsión e organización na cobertura de ausencias previstas entre as súas profesionais.

A ausencia de plans de continxencia induce que o persoal se vexa abocado a traballar con dotacións baixo os mínimos definidos nas propias normas internas, en condicións de sobrecarga asistencial considerable, con situacións de estrés insostible, de cuestionamento dos seus dereitos laborais e condicionando a calidade asistencial ao seu esforzo persoal.

Dita sobrecarga pode limitar gravemente a atención ás persoas usuarias dos Puntos de Atención Continuada, con niveis de gravidade tremendamente variables. Cómpre lembrar que a carteira de servizos destes dispositivos é





amplísima, diversa e abrangue todo o espectro horario e toda a xeografía galega, atendendo desde neonatos ata anciáns, desde problemas banais ambulatorios ata traslados medicalizados de patoloxías graves como síndrome coronarias, accidentes de tránsito ou enfermidades con risco vital inminente. Compre tamén lembrar que tamén realiza atención á franxa de idade pediátrica nun contexto de infradotación clamorosa no ámbito da atención primaria, especialmente no rural. E que, ante o panorama crecente de lista de agarda no horario ordinario, a atención continuada non ofrece barreiras.

A accesibilidade e a continuidade asistencial son outros dous elementos que dotan de valor a asistencia que se presta nos PACs como recursos que forman parte da Atención Primaria. Isto resulta, á súa vez, un elemento que engade unha sobrecarga ineludible, dado o contexto actual: os PACs asúmeno todo, sen citas, sen programación e sen barreiras nin regulacións no acceso.

Ademais non deixa de resultar contraditoria a infradotación destes dispositivos xusto cando o Presidente da Xunta anuncia a xeralización da hospitalización domiciliaria a todo o territorio, consolidando a fragmentación da primaria e a tendencia hospitalocentrista. Por unha banda resulta inverosímil conseguir o nivel de dotación profesional que se require e por outra sorprende a duplicidade de recursos cando a atención en toda a xeografía xa se está a prestar por unha Primaria e uns PACs solventes, aínda que carenciados e deficitarios de persoal. Parece obvio que esta operación traduce un interese propagandístico, habida conta a proximidade electoral e a ocupación de portadas e titulares.

Ante esta situación xurdíu o colectivo autoorganizado “Pacs en pie de Guerra”, integrado por profesionais médicas e de enfermaría, que teñen mostrado compromiso coa cidadanía e coa sanidade pública. Mediante a súa reivindicación instan ao Sergas a que asuma a súa responsabilidade de ofrecer unha asistencia sanitaria digna e de calidade, a que garanta os dereitos das e dos traballadores e que facilite as canles de comunicación establecidas para resolver o seu conflito, que xa se prolonga un ano e medio.

Por isto dende o grupo parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito





- Cales son as políticas en materia de xestión de recursos humanos tendo en conta o empeoramento evolutivo da dotación da Atención Primaria e dos Puntos de Atención Continuada nun contexto previsible?
- Ante a previsible necesidade a curto e medio prazo de pedir ao persoal sanitario un esforzo adicional na cobertura de ausencias, cales son as medidas de “bo trato” a aplicarllas en xusta reciprocidade?
- Cal é o prazo que establece oportuno a Consellería de Sanidade para a resolución do conflito dos Puntos de Atención Continuada? Cal é o orzamento estipulado para mellorar as condicións do seu persoal, tanto retributivas como en materia laboral e de seguridade?
- Cal é o número de profesionais médicos e de enfermaría que traballan nos Puntos de Atención Continuada e cales foron as medidas desenvolvidas para tentar captar novos traballadores e traballadoras para paliar o déficit nos PACs?

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 16/07/2019 11:03:50

Antón Sánchez García na data 16/07/2019 11:04:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Antón Sánchez García integrantes do **grupo parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 152 e consecutivos do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPONSA Escrita**

O Conflito dos PACs e a escasa vontade do SERGAS para a súa resolución.

O Persoal dos Puntos de Atención Continuada ven de cumprir douscentos días en folga. Atópanse ante un conflito de índole laboral e asistencial ante o cal o SERGAS manifesta unha escasa vontade de resolución. A folga deste colectivo susténtase na petición de que se cumpra o pacto que rexe as súas condicións laborais, que se realice un axeitado cómputo da xornada no calendario, que se revisen os plans funcionais (ou sexa, as necesidades de recursos humanos tendo en conta variables como a frecuentación, a dispersión, a estacionalidade, a sinistralidade ou a distancia a centros hospitalares de referencia) e que se abonen os complementos estipulados.

Mentres, o Servizo Galego de Saúde mantén a súa liña de mutismo evitando acadar unha solución para o conflito. Recentemente produciuse por parte da Consellería de Sanidade unha nova negativa: a de aceptar a figura de mediación ante a falta de diálogo. A isto súmanse dous meses sen respostas ante as solicitudes de reunión e ausencia de comunicación efectiva a través das súas xerencias de xestión integrada.

O SERGAS ven empregando a coartada das “necesidades de servizo” para ocultar a súa manifesta falta de previsión e organización na cobertura de ausencias previstas entre as súas profesionais.

A ausencia de plans de continxencia induce que o persoal se vexa abocado a traballar con dotacións baixo os mínimos definidos nas propias normas internas, en condicións de sobrecarga asistencial considerable, con situacións de estrés insostible, de cuestionamento dos seus dereitos laborais e condicionando a calidade asistencial ao seu esforzo persoal.

Dita sobrecarga pode limitar gravemente a atención ás persoas usuarias dos Puntos de Atención Continuada, con niveis de gravidade tremendamente variables. Cómpre lembrar que a carteira de servizos destes dispositivos é



amplísima, diversa e abrangue todo o espectro horario e toda a xeografía galega, atendendo desde neonatos ata anciáns, desde problemas banais ambulatorios ata traslados medicalizados de patoloxías graves como síndrome coronarias, accidentes de tránsito ou enfermidades con risco vital inminente. Compre tamén lembrar que tamén realiza atención á franxa de idade pediátrica nun contexto de infradotación clamorosa no ámbito da atención primaria, especialmente no rural. E que, ante o panorama crecente de lista de agarda no horario ordinario, a atención continuada non ofrece barreiras.

A accesibilidade e a continuidade asistencial son outros dous elementos que dotan de valor a asistencia que se presta nos PACs como recursos que forman parte da Atención Primaria. Isto resulta, á súa vez, un elemento que engade unha sobrecarga ineludible, dado o contexto actual: os PACs asúmeno todo, sen citas, sen programación e sen barreiras nin regulacións no acceso.

Ademais non deixa de resultar contraditoria a infradotación destes dispositivos xusto cando o Presidente da Xunta anuncia a xeralización da hospitalización domiciliaria a todo o territorio, consolidando a fragmentación da primaria e a tendencia hospitalocentrista. Por unha banda resulta inverosímil conseguir o nivel de dotación profesional que se require e por outra sorprende a duplicidade de recursos cando a atención en toda a xeografía xa se está a prestar por unha Primaria e uns PACs solventes, aínda que carenciados e deficitarios de persoal. Parece obvio que esta operación traduce un interese propagandístico, habida conta a proximidade electoral e a ocupación de portadas e titulares.

Ante esta situación xurdíu o colectivo autoorganizado “Pacs en pie de Guerra”, integrado por profesionais médicas e de enfermaría, que teñen mostrado compromiso coa cidadanía e coa sanidade pública. Mediante a súa reivindicación instan ao Sergas a que asuma a súa responsabilidade de ofrecer unha asistencia sanitaria digna e de calidade, a que garanta os dereitos das e dos traballadores e que facilite as canles de comunicación establecidas para resolver o seu conflito, que xa se prolonga un ano e medio.

Por isto dende o grupo parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito

- Como pensa a Consellería de Sanidade organizar a asistencia durante o período vacacional en zonas de costa ou receptoras de turismo, tendo en conta o aumento da poboación debido ás persoas desprazadas, cando os centros de saúde operan con menos persoal do habitual e nos PACs se





están producindo situacións de incumprimento dos servizos mínimos decretados pola administración?

- Como pensa a Consellería de Sanidade garantir a calidade asistencial, a seguridade das persoas enfermas e a evitación da sobrecarga laboral en ausencia dos reforzos habituais que se realizaban outros anos, tanto de persoal médico como de enfermaría?

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 16/07/2019 11:04:33

Antón Sánchez García na data 16/07/2019 11:04:55



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No Diario Oficial de Galicia do 21 de xaneiro deste ano publicábase a orde do anterior día 16 que establecía as bases reguladoras e a convocatoria pública, en réxime de concorrencia, para a ocupación temporal para usos sociais, culturais ou sanitarios, de locais a utilizar no remozado Edificio Administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra. Segundo as ditas bases, poderían ser beneficiarias aquelas asociacións e entidades sen ánimo de lucro e con fins de interese social, cultural, deportivo, sanitario ou semellantes. Tamén segundo as mesmas bases, na valoración das solicitudes ponderaríanse varios aspectos, entre eles:

1. A adecuación do uso para destino do local e a previsión das actividades para dous anos (de 14 puntos para os definidos e concretos a 0 puntos para os inadecuados). Criterio dificilmente obxectivable.
2. O número previsto de beneficiarios anualmente (de 9 a 4 puntos). Imposible de saber ao entregar a solicitude.
3. E a relevancia social do proxecto a desenvolver (para proxectos de igualdade; integración social; saúde; discapacidade ou dependencia; deportes ou iniciativas sociais, culturais e xuvenís), cun máximo de 24 puntos. Criterio que, entendemos, debeu ser perfectamente explicitado e xustificado polas asociacións ou entidades para que Vicepresidencia e Consellería de Presidencia o tivesen en conta.

O pasado venres fíxose pública a cesión de locais e a segunda entidade beneficiaria foi a Fundación “Redmadre” (entidade publicamente antiabortista), con 80 puntos sobre 100 de máximo, quedando fóra outras entidades dedicadas á promoción do coñecemento científico, o deporte ou a protección medioambiental. Non chegamos a entender a relevancia social do proxecto de “Redmadre”, cando na súa propia páxina *web* enfatiza que o aborto provocado ten riscos físicos para a muller embarazada; que tras o aborto poden xurdir problemas de parella e para concibir outro fillo ou para ir adiante outro embarazo; que moitas mulleres sofren sentimentos de culpa, tristeza ou depresión e que existe sufrimento do embrión no primeiro trimestre do embarazo. Porque non podemos perder de vista que a Lei



3/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, regula e protexe, dentro da saúde reprodutiva, a decisión de ter ou non descendencia.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:

1. Ten feito o Goberno da Xunta de Galicia unha valoración obxectiva das solicitudes para a ocupación temporal de locais a utilizar no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra?
2. Como é posible, segundo o Goberno, obxectivar a adecuación do uso ao que se vai destinar o local e a previsión das actividades para dous anos?
3. Con arranxo a que criterio obxectivo se pode valorar o número previsto de beneficiarios ao ano, cando é imposible de saber ao entregar cada unha das solicitudes?
4. Cal foi a “relevancia social do proxecto a desenvolver pola Fundación “Redmadre”?
5. Cal foi a puntuación desglosada para a Fundación “Redmadre” segundo este criterio?
6. Comparte o Goberno os contidos e advertencias da páxina *web* da Fundación “Redmadre”?
7. Concorda o Goberno coa protección que a lei 3/2010, de 3 de marzo, de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo, fai da decisión persoal de ter ou non descendencia?

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Vilán Lorenzo na data 16/07/2019 13:27:26

María Luisa Pierres López na data 16/07/2019 13:27:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 16/07/2019 13:27:51



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao goberno de Núñez Feijoo en 2009 o Sistema público de saúde ten deixado de solicitar ata 150 prazas MIR para facultativos/as de medicina familiar e comunitaria, o que supón a perda de capacidade formativa nunha especialidade, a medicina de familia, onde se apunta á escaseza de profesionais como unha das fortes razóns para non poder cubrir baixas e vacacións dos profesionais que están dentro do sistema. A este dato cabe engadir que neste mesmo prazo de 10 anos, o goberno de Núñez Feijoo so ten contratado de maneira estable a menos dun 15% dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns.

No concello de Meaño a atención sanitaria en primaria vén sufrindo o desleixo e desatención por parte da dirección da EOXI e, por extensión, da Consellería de Sanidade. Xa nas pasadas datas de Nadal o centro sufría problemas de saturación, non resoltos pola consellería, e que provocaron a sobrecarga sobre o profesional que naquel momento debeu atender a ausencia non cuberta doutro profesional.



Naquel caso, a dirección da EOXI comprometeu algunha solución intermedia como abrir o centro polas tardes, para desafogar a saturación. En recentes datas o mesmo Concello ven sufrindo novos problemas. A existencia de dous profesionais no centro de saúde de Meaño está recargándose cos pacientes asignados á consulta de Dena, que está agora mesmo sen profesional que a atenda porque non se cubre a ausencia da facultativa propietaria da praza. Ante esta situación, os pacientes están sendo derivados ao centro de Meaño que, efectivamente, ábrese pola tarde pero sen maior dotación de profesionais, o que supón unha sobrecarga para os que deben dobrar xornada laboral mañá e tarde.

A situación de acúmulos e saturacións ten provocado xa denuncias e sentencias xudiciais contrarias ao Sergas, que o condenan a indemnizar a profesionais do sistema por non dotar de medios suficientes para desenvolver a súa tarefa. Ante esta situación son habituais as constantes protestas e propostas de solución dos colectivos profesionais, sindicais, políticos, de usuarios, etc. Non en tanto, dende a dirección da Consellería de Sanidade permanécese pasivamente sen modificar as actuacións nin afrontar a necesidade dunha política laboral máis contundente e de ampliación de prazas.

Por todo o anteriormente exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Ten previsto a Consellería de Sanidade afrontar de maneira activa o problema repetido de saturación e sobrecarga para os profesionais e pacientes no Concello de Meaño?
2. Considera a Consellería de Sanidade ter respondido correctamente á necesidade de cobertura da ausencia da titular da praza en Dena coa ampliación da xornada para os profesionais de Meaño sen dotación de substitutos/as?
3. Ten consultado a Consellería de Sanidade aos profesionais do centro de saúde de Meaño sobre as posibilidades de cobertura da profesional ausente no centro de Dena?

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/07/2019 13:49:24

Noela Blanco Rodríguez na data 16/07/2019 13:49:35



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Índice de Produción Industrial (IPI) é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, excluída a construción, contidas na Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009). O IPI mide a evolución conxunta da cantidade e da calidade, eliminando a influencia dos prezos.

O INE acaba de publicar os datos correspondentes aos Índices de Produción Industrial (IPI) de maio de 2019, que presentan unha variación mensual dun 0,3 % para o conxunto do Estado, situándose no 1,4 % na serie corrixida de efectos estacionais e de calendario, e nun 1,8 % na serie orixinal.

Na comparativa por comunidades autónomas, esta taxa aumenta respecto a maio de 2018 en 10 CC.AA e diminúe nas outras sete, sendo Galicia a que presenta o maior descenso (- 6,9 %).

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que valoración fai o Goberno galego destes datos?

Pazo do Parlamento, 17 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/07/2019 11:20:20

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/07/2019 11:20:37



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noela Blanco Rodríguez deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Instituto Nacional de Estatística acaba de publicar a Enquisa de Condicións de Vida referidas ao ano 2018.

Para o conxunto do Estado o ingreso medio por persoa acadou os 11.412 €, o que supón un incremento do 3,1 % respecto do ano anterior, que no caso de Galicia se sitúa en 11.239 € (idéntico ao correspondente a Cantabria), cun incremento dun 4,51 % respecto do ano anterior, ocupando o 11º lugar de todas as CC.AA, igual posto ao acadado no exercicio anterior.

En Galicia o 23,1 % dos fogares manifestan non ter capacidade para afrontar gastos imprevistos, o 45,6 % non se poder permitir ir de vacacións fóra da súa casa nin unha semana, o 4 % dos fogares tiveron retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal e un 7 % manifestan ter moita dificultade para chegar a fin de mes.

No caso da taxa de risco de pobreza, Galicia presenta unha taxa do 18,8 %, lixeiramente por debaixo da taxa para o conxunto do Estado cun 21,5%, pero que nos sitúa na 10ª posición de todas as CCAA e máis do dobre da taxa corresponde ao País Vasco (8,6 %) que é a Comunidade que presenta a taxa máis baixa.

En canto á taxa AROPE Galicia presenta unha taxa dun 23 % fronte ao conxunto do Estado 26,1 %, situándose no posto 9º de todas as CC.AA e sendo o dobre da taxa correspondente á Comunidade cunha taxa máis baixa, o País Vasco cun 12,1 %.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que valoración fai o Goberno de Galicia sobre estes datos?
- 2ª) Considera o Goberno galego que as condicións de vida da maioría dos galegos e galegas lles permiten desenvolver axeitadamente o seu proxecto vital?
- 3ª) Que medidas pensa tomar o Goberno galego para mellorar esta situación?





Pazo do Parlamento, 17 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 17/07/2019 11:29:56

Noela Blanco Rodríguez na data 17/07/2019 11:30:13



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Un dos obxectivos perseguidos en todos os concellos da Costa da Morte é prolongar o período de visitas turísticas á zona, limitado aos meses do verán e Semana Santa a través do Camiño dos Faros fundamentalmente. Esta tan necesaria desestacionalización do turismo comezou a dar os seus primeiros pasos, así agora é frecuente atopar visitantes ao longo do ano en calquera das vilas que compoñen o conxunto do traxecto.

De acordo coa páxina *web* “O Camiño dos Faros é unha ruta de sendeirismo de 200 quilómetros que une Malpica con Fisterra polo bordo do mar. Un camiño que ten o mar como maior protagonista e que pasa por todos os faros e principais puntos de interese desta Costa da Morte.”

Un Camiño dos Faros que percorre moitas paisaxes diversas, sempre mirando cara ao mar e cara ao oeste. Faros, praias, dunas, ríos, cantís, bosques, estuarios cunha gran cantidade de aves, mares de granito, castros, dolmens, vilas mariñeiras, miradoiros ao mar que rompe de todas as formas posibles, postas de sol ... e moita maxia. Unha ruta de sendeirismo como poucas, que levará ao camiñante a un mundo de sensacións únicas que só se poden gozar nesta Costa da Morte.”

Estes 200 quilómetros están divididos en 8 etapas, de dificultade media, que vai intensificando o grao de dificultade a medida que as etapas avanzan:

- Etapa 1: Malpica-Niñóns (21,9 Km)
- Etapa 2: Niñóns-Ponteceso (26,1 Km)
- Etapa 3: Ponteceso-Laxe (25,2 Km)
- Etapa 4: Laxe-Arou (17,7 Km)
- Etapa 5: Arou-Camariñas (22,7 Km)
- Etapa 6: Camariñas-Muxía (32 km)
- Etapa 7: Muxía-Nemiña (24,3 Km)
- Etapa 8: Nemiña-Cabo Finisterre (26,2 Km)



Non obstante, estas accións desenvolvidas polo grupo de voluntarios e voluntarias de Camiño dos Faros, que se fan chamar a si mesmos “Trasnos”, precisa de apoios institucionais e económicos. Desde a limpeza do trazado, o cal, non é doado dado que transcorre por zonas abruptas, ata a homologación da ruta. Os concellos afectados contribúen, na medida das súas posibilidades, a manter as distintas etapas transitables, pero estes esforzos non son suficientes.

Nunha xuntanza levada a cabo entre a Asociación de Camiño dos Faros e o CMAT (Asociación de Turismo Costa da Morte), na que están representados os distintos alcaldes e alcaldesas da bisbarra, púxose de manifesto a necesidade da homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido. Non obstante, a día de hoxe, e tras máis de 5 anos de tramitación, a homologación segue sen levarse a cabo por parte do Goberno galego. O cal é difícil de comprender, dada o importante labor que se está a facer, en canto á desestacionalización do turismo na zona.

Son varios os medios a nivel mundial que recoñecen o carácter transversal do Camiño do Faros, como destino conxugando patrimonio natural e cultural: *The Guardian*, *The Telegraph*, *Google Street View*, *Los Angeles Times*, *National Geographic*...

Entendemos que é o momento para que o Goberno galego dunha vez leve a cabo as actuacións precisas para que a homologación do Camiño dos Faros sexa unha realidade dentro do ano 2019.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos polos cales, despois de 5 anos de tramitación, o Goberno galego aínda non homologou o Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido?

2ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de actuación para axilizar a homologación do Camiño dos Faros como ruta de gran percorrido antes do remate do ano 2019? Se for o caso, cales?

Pazo do Parlamento, 4 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 04/07/2019 13:32:17

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/07/2019 13:32:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **Preguntas para a súa resposta escrita**.

A organización Red Madre leva varios anos recibindo subvencións por parte da Xunta de Galicia, grazas a aprobación por parte do PP, no ano 2009, dunha Iniciativa Lexislativa Popular impulsada polo Foro español da familia.

A Lei 5/2010 do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada permitiu que o goberno concertara con esta entidade labores directas de información a mulleres embarazadas. A pesar de ter un carácter claramente antiabortista e de ir contra os dereitos das mulleres de xeito recorrente.

Dende a aprobación desta, a realidade foi que Red Madre supliu labores que tiñan asignados os centros de asesoramento afectivo-sexual, Centros Quérote, desmantelados polo goberno do PP.

A Xunta ven de outorgarlle un local a esta entidade, na súa sede en **Pontevedra, na rúa Benito Corbal**.

A adxudicación destes deuse en base a ORDE do 16 de xaneiro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública, en réxime de concorrencia, para a ocupación temporal, para usos sociais, culturais ou sanitarios, dos locais destinados a tal fin no Edificio Administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra.





Pero o resultado resulta chamativo. Red Madre obtivo 24 puntos dos 24 posibles pola "**relevancia social do proxecto**", así como 9 de 9 por prever beneficiar a máis de 100 persoas ao ano.

Isto debería modificarse de inmediato, xa que falamos dunha entidade que só pretenden transmitir a súa doutrina ideolóxica profundamente conservadora.

O dereito a interrupción voluntaria do embarazo debe garantirse no noso País, algo que non está acontecendo a día de hoxe por falta de vontade política.

Decisións como esta veñen a confirmar que a Xunta de Galicia só busca obstaculizar este dereito.

O apoio ás mulleres debe darse sempre partindo da súa liberdade de decisión.

Por todo o exposto, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia rectificar a súa decisión de outorgarlle un local a Red Madre no seu Edificio Administrativo en Pontevedra?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia seguir subvencionando asociacións reaccionarias que van contra os dereitos das mulleres?
3. En que se baseou a Xunta de Galicia para outorgarlle a puntuación máxima no apartado de **relevancia social do proxecto**?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019





Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputados do G. P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 17/07/2019 09:57:23

Marcos Cal Ogando na data 17/07/2019 09:57:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Antón Sánchez García integrantes do **grupo parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no Artigo 152 e consecutivos do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa RESPOSTA Escrita**

A autonomía na toma de decisións é un patrimonio valioso e irrenunciable das persoas enfermas. É a defensa do exercizo libre a decidir sobre os coidados e intervencións ás que se somete unha persoa adulta e o destino do seu corpo. Ademais é un principio rector da ética que debe modular os actos sanitarios.

Asistimos a un contexto histórico de prolongación da esperanza de vida, de tecnoloxización da asistencia sanitaria, de cronificación de enfermidades avanzadas, de hospitalocentrismo, de incremento nos diagnósticos de procesos graves e tamén, afortunadamente, de desenvolvemento de terapias para afrontar cada vez un maior número de patoloxías.

Mais esta dinámica intervencionista debe acompañarse do necesario respecto á vontade das persoas decidindo cando, como e ata onde realizar probas e tratamentos. Mesmo cando as persoas xa non están en disposición de decidir conscientemente.

Para iso dispoñemos do Rexistro Galego de Instrucións Previas, baseado no desenvolvemento de normativas como a Lei 5/2015 de Garantías de dignidade das persoas enfermas termináis, da Lei 3/2005, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes ou da Lei estatal 41/2002 básica reguladora da autonomía dos pacientes e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica.





O chamativo, a pesar da disposición desta lexislación e do Rexistro oficial, é que ata o momento tan só 8315 galegas e galegos se teñan acollido a ese dereito. Existen diferenzas substanciais entre sexos (63% mulleres fronte a 36% homes) , así como entre provincias (48% na da Coruña fronte ao 8.9% de Ourense). No que respecta ao contido das vontades rexistradas, practicamente todas elas recollen a regulación dos tratamentos e coidados, e ata 8 de cada 10 o nomeamento de interlocutor. Isto dáanos unha idea da preocupación que suscita nas persoas establecer os límites das actuacións e intervencións sanitarias.

Malia todo, parece insuficiente o rexistro formal destas vontades cando é un tema que semella suscitar preocupación na poboación xeral ao ser abordado, e que evidentemente ten unha relevancia ética e asistencial significativa. A disposición dun documento de vontades anticipadas facilita a atención sanitaria ás persoas en momentos de conflito na toma de decisións . Por unha banda obsérvase certo grao de descoñecemento do Rexistro entre as persoas usuarias do Servizo Galego de Saúde e por outra tampouco se percibe excesiva sensibilización e manexo entre as propias profesionais en termos xerais.

Sería desexable unha realidade de profesionais que, aproveitando o contexto de proximidade na relación asistencial (especialmente en Atención Primaria) se anticipase ás necesidades futuras, fomentando o rexistro de vontades anticipadas entre as e os pacientes nun contexto de normalización. (Outro contexto facilitador podería ser o medio hospitalario onde se manexan enfermidades avanzadas e incurables.)

Por isto dende o grupo parlamentario En Marea formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito.

-Que ten feito a Consellería de Sanidade para fomentar a declaración oficial de vontades anticipadas entre a poboación galega, tendo en conta os baixos índices de utilización do Rexistro Galego de Instrucións Previas especialmente nalgunhas provincias como Ourense?





-Que grao de coñecemento estima a Consellería de Sanidade que ten a poboación xeral e o colectivo sanitario do Rexistro Galego de Instrucións Previas?

-Está a Consellería de Sanidade no momento actual desenvolvendo algunha campaña informativa que dea a coñecer o Rexistro Galego de Instrucións Previas en contextos normalizados, nomeadamente aqueles máis accesibles como a Atención Primaria de Saúde ou os medios de comunicación públicos?

Santiago de Compostela, a 17 de xullo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Antón Sánchez García

Deputados do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 17/07/2019 12:40:45

Antón Sánchez García na data 17/07/2019 12:40:54



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Asociación para a Xestión Xeoparque Costa da Morte está a promover a creación e presentación da súa candidatura como xeoparque mundial dentro do Programa Internacional de Ciencias da Terra e Xeoparques da UNESCO, e a súa integración na Rede Mundial e na Rede Europea de Xeoparques.

O proxecto permitirá o desenvolvemento socioeconómico e cultural do espazo afectado, o cal conta cun patrimonio xeolóxico e biodiversidade excepcional, así como con recursos arqueolóxicos, megalíticos e enorme patrimonio subacuático, que forman unha combinación adecuada para desenvolver un proxecto de xeoturismo rural. Este precisaría ser complementado con programas de formación coas universidades e accións concretas para poñer en valor e dar a coñecer esta paisaxe única. Deste xeito trataríase de contribuír ás accións necesarias de desenvolvemento económico que permitan o obxectivo final que inclúe a fixación da poboación do rural, que afecta a máis de 2.000 quilómetros cadrados, entre A Laracha e Carnota, territorios rurais especialmente afectados polo despoboamento.

Xa no ano 2008 recoñecía-se o valor único da nosa paisaxe, concretamente, en canto aos Penedos de Pasarela e Traba. No Decreto 294/2008 recollíase que estas rochas e paisaxes eran testemuñas da nosa historia amosando “os valores culturais como elemento singular nas paisaxes galegas, verdadeiros fitos aos que se lle asocian desde lendas e tradicións ata poderes curadores, tanto de enfermidades como, mesmo, de amores, desamores ou encantamentos”.

O proxecto conta xa con numerosos apoios, así son xa 12 dos 15 concellos adheridos a el, xunto con distintas entidades como a Asociación de Profesionais para o Desenvolvemento Local de Galicia (AFIPRODEL), o propio GALP 3 da Costa da Morte. Tamén manifestou o seu apoio a Sociedade Xeolóxica de España, entidade que ten por obxecto promover, fomentar e difundir o coñecemento, progreso e aplicacións da xeoloxía, e que conta con máis de 1.000 membros procedentes na maior parte do mundo da investigación.



Ante un proxecto que persegue uns obxectivos que terían un importante impacto na economía da Costa da Morte, sería moi positivo contar co apoio do Parlamento de Galicia ademais do propio Goberno galego, en canto a apoiar e promover a creación e presentación da candidatura do Xeoparque Costa da Morte como xeoparque mundial dentro do Programa Internacional de Ciencias da Terra e Xeoparques da UNESCO, e a súa integración na Rede Mundial e na Rede Europea de Xeoparques.

Por todo isto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai o Goberno galego promover a presentación da candidatura do Xeoparque Costa da Morte como xeoparque mundial dentro do Programa Internacional de Ciencias da Terra e Xeoparques da UNESCO, así como a súa integración na Rede Mundial e na Rede Europea de Xeoparques.

Pazo do Parlamento, 17 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 17/07/2019 12:57:44

Patricia Vilán Lorenzo na data 17/07/2019 12:58:17



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre o uso da “Casa da Pedraqueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, propiedade da Xunta de Galicia por parte dun particular.

A Asociación Profesional dos Axentes Forestais e Medioambientais de Galicia formulou unha queixa ante a Valedora do Pobo, por razón do uso de xeito irregular e consentido por parte das administración pública dun ben inmovible coñecido como a “Casa de Pontevea” ou “Casa da Pedraqueira”, no lugar de Ribeira, Reis, no Concello de Teo, da Xunta de Galicia por parte dun particular.

Esta vivenda usábase tradicionalmente como residencia para os axentes forestais que atendían os coutos e aproveitamentos de perca no río Ulla. Ata o ano 1997 estivo ocupada por un axente forestal que a deixou libre á data da súa xubilación. Posteriormente foi reformada e entregada a unha persoa que forma parte do cadro de persoal laboral da Xunta de Galicia, e que consta como encargado.

No ano 2018, nunha Proposición non de lei presentada por este deputado e ante esta comisión, aprobouse (e acordouse) por unanimidade a seguinte resolución:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a restablecer o uso do inmovible como base operativa para o persoal e medios adscritos ao Servizo de Conservación da Natureza de Pontevedra, que exercen as súas funcións e cometidos no ZEC Ulla-Deza do Distrito XVI.”

Pois ben, case un ano despois, esta resolución segue sen cumprirse.



Por todo o exposto anteriormente, o deputado que subscribe, pertencente ao Grupo Parlamentario Mixto, formula a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

Cal é o motivo polo que non se executou aínda a resolución adoptada por unanimidade no Parlamento de Galicia onde se instaba a Xunta de Galicia a restablecer o uso do inmobile?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 17/07/2019 13:13:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Paula Quinteiro Araújo e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da cámara, presenta as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita.**

O estaleiro vigués Vulcano presentou a solicitude de liquidación no Xulgado do Mercantil número 3 da cidade de Vigo. Este anuncio faise tras a entrega do último barco, tras varios meses de atraso sobre a data fixada inicialmente.

A situación de debilidade e incerteza non é nova. De feito, o cadro de persoal leva case 5 anos e medio sometido a expedientes de regulación temporal de emprego, xa que hai moi pouca actividade no estaleiro, e houbo meses nos que permaneceron sen cobrar.

Ábrese unha oportunidade para que Vulcano poida sobrevivir e se manteña a unidade produtiva e os postos de traballo, aínda que polo momento non se fixo ningunha oferta para adquirir este.

É fundamental que a Xunta tome partido e evite que desapareza unha peza fundamental do tecido industrial galego. As administracións deben tomar medidas para garantir que o uso futuro dos terreos continúen destinándose a actividade industrial naval e a xeración de postos de traballo.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta por escrito:





1. Que medidas vai tomar a Xunta de Galicia para garantir que nos terreos que ocupan na actualidade Factorías Vulcano se manteña o uso industrial e os postos de traballo?
2. Que medidas levou adiante a Xunta de Galicia ata o de agora para incrementar a carga de traballo do estaleiro?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019

Asdo.: Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araújo

Antón Sánchez García

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 17/07/2019 13:47:19

Paula Quinteiro Araújo na data 17/07/2019 13:47:30

Antón Sánchez García na data 17/07/2019 13:47:40





Paula Quinteiro Araújo, Marcos Cal Ogando e Carmen Santos Queiruga, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes preguntas para a súa **resposta escrita**:

O número de denuncias por violencia machista que se presentan nos espazos urbanos e rurais é asimétrico. Os partidos xudiciais de Vigo e A Coruña contan só co 26,5% da poboación galega, pero neles se presenta o 37% das denuncias por delitos cometidos contra as mulleres.

As denuncias por violencia machista levan medrando dende 2012, pasando das 4.788 daquel ano ás 6.537 de 2018, o que supón un incremento do 36,5%. A subida é moi diferente en función do partido xudicial. Así, mentres a maior parte das cidades medra por riba da media –Ourense, 117%; Pontevedra, 77%; Compostela, 56%; A Coruña, 55%; Lugo, 41%–, nalgunhas vilas pequenas a porcentaxe de denuncias mesmo descendeu.

Tamén o número de ordes de protección foi medrando co tempo.

A diferenza entre o que acontece nas cidades e nas zonas rurais é clara cando atendemos ao número de denuncias por cada 1.000 habitantes. En Vigo e Ourense rexistráronse 3,5 denuncias por cada 1.000 habitantes no 2018. Na Coruña e en Lugo, en torno a 3. Porén, houbo dez partidos xudiciais do rural (A Estrada, Tui, Mondoñedo, Padrón, Ordes, Corcubión. Arzúa, A Fonsagrada, Celanova e Bande) nos que o número de denuncias foi inferior a 1 por cada 1.000 persoas.





Galicia conta con só dous xulgados especializados en materia de violencia contra a muller, un en Vigo e outro en Coruña, o que a converte na segunda comunidade con menos medios á súa disposición para loitar contra o machismo, só por detrás de Castela-A Mancha.

En moitas ocasións os xulgados non teñen habilitada sequera, unha sala onde estas poidan agardar mantendo a intimidade e facilitando que non se comparta espazo coa persoa a que denuncian.

É urxente realizar todas as xestións precisas para dotar de máis recursos e máis persoal para facer fronte ao machismo, no ámbito xudicial, para que existan as garantías suficientes para as mulleres.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia da asimetría que existe entre o rural e as cidades no que respecta ao número de denuncias por violencia machista e os recursos dispoñibles para as mulleres vítimas desta violencia?
- Que vai facer o Goberno galego para mellorar os recursos dispoñibles para o tratamento ás mulleres vítimas de violencia machista no ámbito xudicial?
- Que avaliación fai da falta de salas de espera específicas en moitos xulgados do País? Que medidas vai tomar para mudar esta realidade?
- Que xestións realizaron ata o momento para dotar a Galicia de máis xulgados especializados en violencia machista?

Santiago de Compostela, 18 de Xullo de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo





Marcos Cal Ogando

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e deputado do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 18/07/2019 12:37:13

Marcos Cal Ogando na data 18/07/2019 12:37:24

Carmen Santos Queiruga na data 18/07/2019 12:37:33



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, substituíu á orixinaria de 1995. Despois de máis de 5 anos dende a súa entrada en vigor, hai algunhas disfuncións que non garanten a independencia e a pluralidade do órgano, así como o seu correcto funcionamento no cumprimento das importantes funcións que ten encomendadas:

1. A distribución de competencias entre o Pleno e a Sección de Estudos e Informes, que ten provocado problemas.
2. A propia composición da dita sección, que ten perdido, por expiración oficial de funcións o pasado 15 de xullo, a un conselleiro nato, o presidente Fernando González Laxe, polo que este órgano xa non pode funcionar ao estar composto só por dúas persoas e ao deixar de ser colexiado.
3. O feito de que os seus informes non reflectan o criterio do Consello Consultivo de Galicia senón só dunha minoría dos seus membros (en concreto, de dous), pois non chegan ao Pleno, ademais de non seren publicados.

Por tal motivo, este grupo parlamentario entende que a Sección de Estudos e Informes debería ser a encargada de redactar os anteproxectos legislativos, de elaborar as propostas legislativas ou de reforma estatutaria que o Consello da Xunta de Galicia encomende ao Consello Consultivo e de realizar os informes que a persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia e as persoas titulares das Alcaldías ou Presidencias das entidades locais solicitasen, examinando estes traballos e sometelos á consideración do Pleno do Consello, único órgano verdadeiramente colexiado e representativo que debe tomar decisións.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que a aplicación da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, ten orixinado algunhas disfuncións?
2. É consciente o Goberno da perda do seu carácter colexiado da Sección de Estudos e Informes, por expiración oficial de funcións do conselleiro nato o pasado 15 de xullo?
3. Sabe o Goberno cales son os motivos polos que os traballos da Sección de Estudos e Informes non son publicados?
4. Entende o Goberno que os traballos da Sección de Estudos e Informes deberían ser sometidos á consideración do Pleno do Consello, como órgano decisor?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/07/2019 12:37:53

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 18/07/2019 12:38:08





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a supresión por parte da Xunta de Galiza do grao medio de Formación Profesional en Emerxencias e Protección Civil.

A Xunta de Galiza creou no curso 2015/2016 o ciclo medio de Formación Profesional en Emerxencias e Protección Civil. Unha titulación que naceu a través dun convenio entre a Consellaría de Educación e a Academia Galega de Seguridade Pública (Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia).

De maneira sorprendente e dun día para outro, despois de ter rematado o período de inscrición para o curso 2019/2020, a Xunta de Galiza decidiu pechar o ciclo sen máis explicación nin razón que o xustifique que “cuestións organizativas” entre entidades dependentes do Goberno galego.

E é que a formación do alumnado depende unha parte da Consellaría de Educación a través do IES Losada Diéguez e da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), ambas as dúas no Concello da Estrada. Resulta incríbel que órganos do mesmo Goberno sexan incapaces de garantir entre si a organización necesaria para garantir o mantemento dunha titulación, ou o que é o mesmo, que a incapacidade do Goberno galego supoña o fin da súa formación para moitas persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para o Bloque Nacionalista Galego esta decisión, inadmisíbel desde calquera punto de vista, deixa sen posibilidade de cursar esta titulación a 46 persoas que xa se inscribiran na mesma e dá por finiquitada no noso país unha formación fundamental para o futuro persoal técnico en Emerxencias e Protección Civil.

Neste senso, para o noso Grupo é imprescindible que a Xunta de Galiza garanta o mantemento deste ciclo na oferta de Formación Profesional, como tamén reclaman desde a Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias e Protección Civil de Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que razón ou razóns a Xunta de Galiza decidiu pechar o título de grao medio de Técnico en Emerxencias e Protección Civil?
- Cantas persoas se viron prexudicadas por esta decisión?
- Cando pensa o Goberno galego recuperar a oferta desta titulación, toda vez que afirmou publicamente que a decisión era “transitoria”?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 12:42:00

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 12:42:17

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 12:42:29

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 12:42:39

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 12:42:53

Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 12:43:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de cubrir a asistencia pediátrica no concello de Camariñas.

A veciñanza de Camariñas amosa a súa indignación porque unha vez máis quedaron sen servizo de Pediatría durante varios días. Situación que se enquista no tempo pois vense repetindo nos últimos anos.

A Puericultora que teñen asignada neste concello como pediatra, ten todo o dereito a coller as súas vacacións, mais @s nen@s de Camariñas non poden precisar dese servizo durante ese período de vacacións.

Ao non ter servizo de pediatría neses períodos de vacacións trasládase este servizo ao concello de Vimianzo, sobrecargando este e facendo tarefa imposible solicitar cita previa nun tempo suficiente para atender a poboación infantil.

No BNG defendemos que @s nen@s do rural son coma os da cidade, teñen os mesmos problemas e as mesmas necesidades médicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A lei 8/2008 de 10 de Xullo de Saúde de Galicia recoñece o dereito a asignación de persoal facultativo con continuidade, así establece no seu Artigo 12º.- *“Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia”* recoñecendo no punto 5 o *“Dereito á asignación de persoal facultativo, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial, e, de ser o caso, do persoal de enfermaría responsable do seguimento e do plan de coidados. No caso de ausencia, as persoas substitutas asumirán tal responsabilidade.”* e no punto 9 o *“Dereito á continuidade asistencial, á coordinación e á integración das funcións asistenciais da atención primaria e especializada.”*

Compre destacar desta lei o artigo 14.1, *“Dereitos relacionados con grupos especiais.”* Onde di claramente que se debe prestar especial atención @s menores *“As persoas menores, as maiores dependentes, as enfermas mentais e terminais, as doentes que padecen enfermidades crónicas e discapacitantes, os e as pacientes diagnosticados de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación e as persoas pertencentes a grupos de risco, en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia.”*

En resumo a Xunta de Galiza, a través do SERGAS incumpre a lei de Saúde de Galicia, deixando á súa cidadanía sen os servizos médicos básicos que así lle recoñece a lei.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendid@s nen@s do concello de Camariñas?
- Como valora o Goberno galego as carencias da asistencia pediátrica no concello de Camariñas?
- Vai a seguir sin substituír ao pediatra nas súas ausencias, ou ten intención de rectificar e non deixar desprotexid@s @s nen@s deste concello?
- Até onde está disposta a chegar a Xunta na política de recortes de persoal na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 13:07:35

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 13:07:52

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 13:08:01

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 13:08:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 13:08:27

Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 13:08:40



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Galicia ten un documento de planificación hidrolóxica, o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, co horizonte 2015-2021.

Temos un problema porque o Tribunal Supremo está corrixindo unha parte importante da última planificación das concas que realizara o anterior Goberno central presidido por Mariano Rajoy, tamén o plan galego. Unha destas sentenzas é a de 21 de maio de 2019, da Sala do Contencioso-Administrativo, que estimou un recurso contra o Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aprobou o Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, e declarou nulo o plan por ser contrario ao ordenamento xurídico.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que ten que dicir o Goberno da Xunta de Galicia con relación á sentenza do Tribunal Supremo de 21 de maio de 2019, que declarou nulo o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa?
2. Que efectos ten provocado esa sentenza?
3. Que ten previsto facer o Goberno para resolver esta situación?

Pazo do Parlamento, 16 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 18/07/2019 10:53:09





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/07/2019 10:53:21

María Luisa Pierres López na data 18/07/2019 10:53:32





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás actuacións a realizar polo Sergas para clarificar o uso que fai POVISA do concerto que mantén co Sergas e garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación que ten adscrita.

Fai uns días tivemos coñecemento dunha comunicación da empresa POVISA na que referenciaba como parte dos obxectivos que se marcou esta empresa a principios do ano 2019 o seguinte:

Esta información fai saltar todas as alarmas, toda vez que “estes obxectivos” afectan, ou poden afectar, á cidadanía que ten asignada a súa asistencia sanitaria pública nese hospital.

Pódese deducir desta estratexia dúas cousas: primeiro que estean mudando os criterios científicos nos que se basean as indicacións de consultas, probas ou intervencións, para así reducir o número delas e favorecer a consecución do obxectivo de “liberación de recursos para mellorar cada vez máis o tempo de resposta a doentes privados” e así obter máis beneficios. A segunda dedución pode ser que estaban facendo consultas, probas ou intervencións que non aportaban valor engadido ás persoas que se sometían a elas, co conseguinte incremento do risco de efectos secundarios que isto supón.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En calquera dos dous casos están en cuestión os criterios científicos usados e que se compromete a saúde das persoas atendidas. A isto hai que engadir o uso de recursos públicos que tiñan que ir para financiar a atención sanitaria d@s doentes do Sergas destinados a incrementar a actividade privada.

A opacidade e o oscurantismo nas contas que presenta POVISA son unha constante. Non ofrece información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados. Utiliza o mesmo persoal para prestar a asistencia sanitaria pública que a privada. Non se sabe se as innovacións tecnolóxicas as imputa ao concerto ou págaas a empresa da parte privada, ou a que recursos se imputan as melloras que realiza na infraestrutura?

O BNG considera estes feitos moi graves, é imperioso que por parte do SERGAS se aclare de inmediato os criterios utilizados por POVISA para determinar o tipo de prestacións e servizos que aplica @s doentes da sanidade pública @s que en aras do convenio en vigor atende, e mostrar que a calidade asistencial que reciben @s mesm@s está garantida.

A Consellaría de Sanidade non pode manterse impasible, nin mirar para outro lado diante desta situación nun centro sanitario co que ten asinado un concerto millonario. Ten que aclarar si vai a consentir que os cartos públicos sirvan para que a empresa mellore a súa conta de resultados, para que a empresa sanee a súa economía e a do grupo ao que pertence ou para a prestación sanitaria da poboación que ten adscrita.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 1.- Considera o Goberno galego que as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios se están a cumprir nos centros cos que ten concertos?
- 2.- Cando van dar conta de todo o relacionado co concerto singular asinado entre o Sergas e POVISA, en especial da repercusión dos mencionados obxectivos marcados por POVISA para unha prestación sanitaria de calidade @s doentes públicos adscritos?
- 3.- Que valoracións fai a Xunta dos mencionados obxectivos marcados por POVISA?
- 4.- Tras coñecer estes obxectivos considera que está garantida unha atención de calidade para @s doentes Sergas?
- 5.- Vai obrigar a POVISA a atender @s doentes que ten asignados con ratios de calidade e de profesionais equiparables á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde e a que cumpra o que se establece ao final da estipulación II “Prestacións Sanitarias” do concerto subscrito co Sergas que di : Povisa,SA obrígase a seguir e a cumprir todas as normas, instrucións, programas e criterios organizativos establecidos polo Sergas relativos aos servizos incluídos no obxecto deste concerto. Igualmente deberá cumprir as disposicións e normas de aplicación establecidas polo Sergas para os seus centros propios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6.- Vai realizar unha investigación respecto das consecuencias dos obxectivos marcados por POVISA a principios de 2019 sobre a calidade da asistencia sanitaria que están recibindo @s doentes SERGAS que atende?

7.- Vai a Xunta realizar unha auditoría das contas e da xestión realizadas por Povisa no relativo ao concerto asinado co Sergas da que se derive un informe detallado no que conste:

Información desagregada do gasto que destina a atender a doentes públicos e a privados.

O número de camas do hospital destinadas a atención pública e privadas.

Persoal destinado a prestar a asistencia sanitaria pública e privada, horarios e servizos.

Ratio profesionais/doentes, profesionais por servizos e planta, permanencia nos mesmos, situación laboral, mobilidade horaria e entre servizos.

Canto representa a manutención dos doentes, canto persoal o realiza e en cantas quendas...

As partidas ás que imputa innovacións tecnolóxicas e as melloras que realiza na infraestrutura.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 13:32:29

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 13:32:40

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 13:32:50

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 13:33:05

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 13:33:19

Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 13:33:37



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, pertencente á familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente ofértase na comunidade autónoma de Galicia, segundo se establece na Orde do 13 de xuño de 2019 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20 (DOG do 21 de xuño de 2019), nun único centro público: o IES plurilingüe Antón Losada Diéguez (A Estrada).

O sistema de solicitude e adxudicación de prazas nos ciclos formativos impartidos na nosa comunidade autónoma vén funcionando con normalidade desde hai moitos cursos, froito dun proceso centralizado que se puxo en marcha e se foi perfeccionando desde a xeneralización destas ensinanzas.

A relación completa de solicitantes de praza para a totalidade dos ciclos formativos de grao medio pódese consultar, na data de formulación desta iniciativa, no enderezo http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/8302.

Por outra parte, a relación de solicitantes que obtiveron praza en cada un dos ciclos de grao medio ofertados está dispoñible no enderezo http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/8348.

Neste último pode comprobarse que no hai ningunha adxudicación para o ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil o que merece que por parte da Administración educativa se dea unha explicación urxente, se temos en conta o elevado número de solicitantes, así como a exclusividade da oferta nun entorno tan acaído como é o do concello da Estrada, que conta coa presenza da sede da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e da Academia Galega de Seguridade Pública.

Ante esta situación o deputado e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Cales son os motivos polos que, na adxudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, ofertado no IES



plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada e feita pública o día 16 de xullo de 2019, non hai ningunha praza adxudicada?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/07/2019 14:17:36

Maria de la Concepción Burgo López na data 18/07/2019 14:17:50

María Luisa Pierres López na data 18/07/2019 14:18:11



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo, deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**.

A enfermaría galega arrastra dende hai anos unha situación de precariedade laboral insostible que se agrava co paso do tempo. O persoal eventual sofre a mobilidade non escollida entre servizos, a concatenación de contratos e a restrición de permisos: pola ausencia de contratos dignos estas profesionais non disfrutan do dereito a vacacións, a permisos por xestión, enfermidade ou doutra índole.

Isto conleva dificultades para a conciliación da vida familiar, laboral e social. Ademais vense sometidas á política de recursos humanos de penalizacións nas listas de contratación ante o posible rexeitamento dunha oferta, o cal condiciona un réxime de vida absolutamente dependente desta precariedade laboral.

Esta situación afecta no noso país a en torno a dez mil enfermeiras formadas e cualificadas. A convocatoria de oposicións para a fixación de emprego non resolve a situación na medida en que, ao resultar as prazas insuficientes, as profesionais vense abocadas a concorrer ano tras anos malia teren aprobado as convocatorias previas. Esta supón unha escravitude máis nas súas condicións laborais e vitais.

Por ese motivo, ante esas políticas de mal trato cos recursos humanos do Servizo Galego de Saúde naceu o colectivo Enfermeiras Eventuais en Loita, que establece tres liñas de reivindicación: a de loitar contra a precariedade laboral no





seu ámbito, defender a sanidade pública, universal e de calidade e avanzar no recoñecemento da Enfermaría como disciplina autónoma.

A precariedade nestas traballadoras, con situacións de incertezas e ausencia de garantías laborais redunda no coidado que poden administrar, descoidando a máxima de que é preciso coidar de quen nos coida.

O labor enfermeiro é imprescindible nun sistema sanitario público que aspire á calidade, e debe ser valorado na súa faceta asistencial, investigadora e docente, así como en postos de responsabilidade no deseño de políticas de saúde pública e xestión.

Recentemente a administración sanitaria galega anunciou un contrato que pretendía dar continuidade e estabilidade a este valioso e capacitado colectivo profesional. Mais este contrato ten evidentes eivas:

- Permite non adxudicar o 100% das vacantes, convertendo algunha delas nesta modalidade.
- Obriga ás enfermeiras que o asinen e que presten os seus servizos en Primaria a asumir un mínimo de dúas gardas ao mes cun contrato de gardas que non remunerará a nocturnidade nin a festividade.
- Permite ter un contrato de acumulación de tarefas de doce meses en como mínimo dous centros sen garantías de continuidade asistencial.
- Limita a posibilidade de desfrute de vacacións na medida en que as profesionais que asuman este contrato cobren as vacacións das compañeiras titulares.
- Descoñécese o 40% da carteira con antelación, o cal condiciona a conciliación da vida laboral, familiar e social das traballadoras e traballadores.





- A xornada laboral é de 48 horas semanais ou 190 horas mensuais en cómputo semestral (1140 horas en seis meses), quedando en mans da administración sanitaria a súa distribución. Isto ampara certa arbitrariedade na organización das xornadas laborais, podendo durar unha xornada ata 31 horas segundo os cálculos das propias profesionais.

Por este motivo, as deputadas Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araújo formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cal é o motivo polo que o acordo polo que se amplía o contrato eventual de continuidade á categoría de enfermaría, que se levou cabo na comisión de seguemento do mesmo, estando só presentes os representantes sindicais que o firmaron para a categoría de médicos, non se levou á mesa sectorial, como debería facerse? Ten a Consellería de Sanidade intención de refrendar o acordo na mesa sectorial?

Santiago de Compostela, a 19 de xullo de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena
Paula Quinteiro Araújo
Deputadas do G. P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 19/07/2019 12:51:22





Paula Quinteiro Araújo na data 19/07/2019 12:51:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita.**

A precariedade continúa a atravesar o conxunto do sector do telemarketing. A realidade das traballadoras do sector está marcada polos baixos salarios, por unha taxa elevada de rotación e pola ameaza de despedimentos, principalmente por mor da deslocalización do traballo.

As empresas empregan este mecanismo para abaratar aínda máis os custes a costa dos dereitos laborais das traballadoras.

O persoal das subcontratas de R Cable enfrenta unha nova ameaza. O proceso de deslocalización do emprego iniciouse logo da compra da empresa por Euskaltel no ano 2015. Agora preveese que Euskatel externalice servizos con empresas como ZTE, principalmente o de mantemento, que na súa maioría está subcontratado.

Xa foron despedidos 20 traballadoras de Comfica que até o momento prestaban servizos para R na provincia da Coruña e a quen a contrata se nega a recolocar. Pero están en risco moitos máis postos de traballo.

Estamos ante unha nova ameaza, que se suma a problemática estrutural do sector. Urxe tomar medidas para evitar a deslocalización do traballo e para rematar co actual modelo baseado na precariedade.





As últimas reformas laborais son as que favorecen que se perpetúe a situación, supuxeron a perda de dereitos e compre derrogalas.

Por todo o anterior exposto preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

1. Que medidas tomou a Xunta de Galicia para reverter a situación de precariedade e inestabilidade que viven as traballadoras e traballadores do sector do telemárketing?
2. Tivo algún contacto coa representación das traballadoras afectadas das subcontratas de R cable? Con que resultados?
3. Que medidas vai levar adiante para evitar a deslocalización e a posible perda de postos de traballo no sector?
4. Que actuacións levou adiante ata o momento para o mantemento dos postos de traballo do sector en Galicia?

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2019

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 19/07/2019 13:22:10

Julia Torregrosa Sañudo na data 19/07/2019 13:22:20

José Manuel Lago Peñas na data 19/07/2019 13:22:36



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Como cada ano cando chegan estas datasponse en evidencia a necesidade que ten a ría de Corcubión dunhas instalacións que permitan o atraque das embarcacións de recreo. A falta delas fai que as naves que visitan a zona permanezan amarradas na ría.

Pero por parte do ente Portos de Galicia, e cada vez que desde o Concello de Fisterra ou Corcubión se fixo a demanda, a resposta sempre foi negativa, indicándose que non existía tal necesidade. Esta resposta ao Grupo Parlamentario Socialista parécenos, ademais doutro exemplo máis do abandono ao que Feijóo ten sometida a Costa da Morte, unha resposta irresponsable e que carece de perspectiva de futuro en canto á dinamización da zona. Todo isto, a pesar de ser Fisterra un porto ligado co Xacobeo, e que se trata dun punto de paso de referencia mundial, coa a zona dun punto intermedio entre Muxía e Muros que dea resposta á necesidade de atraque.

Está claro que os deportes náuticos están en auxe, e que isto podería ter unha dobre consecuencia na zona: por un lado contribuiría á desestacionalización do turismo, e por outro, xeraríanse empregos tanto de carácter directo como indirecto.

Pero, aínda así, e a pesar dos esforzos dos concellos implicados, moitas das iniciativas que se levan a cabo, finalmente fracasan debido á falta de instalacións e de servizos de reparación e mantemento que permitan atender a demanda propia que se deriva deste tipo de actividade.

Unha posible solución que dese resposta a esta necesidade, e que non tería impacto medioambiental, sería a construción dun dique flotante similar ao construído hai un ano, que permitiría protexer o porto do vento.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego a necesidade de dotar unha zona de atraque ás embarcacións de recreo que se achegan á ría de Corcubión?



2ª) Vai dotar dunha solución ao porto de Fisterra, Porto Xacobeo, dunha zona de atraque para as embarcacións de recreo? En caso positivo, cando?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre a construción dun dique flotante, similar ao construído o ano pasado?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 19/07/2019 14:03:03

Patricia Otero Rodríguez na data 19/07/2019 14:03:21



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Axencia Instituto Enerxético de Galicia, organismo adscrito á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, publicou o 8 de xullo deste ano no Diario Oficial de Galicia a Resolución do 26 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, relativas ao Plan de transición a unha mobilidade eficiente, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria para a anualidade 2019.

Na propia exposición de motivos ponse de manifesto a necesidade urxente de que por parte das distintas administracións se adopten medidas destinadas a reducir o consumo de combustibles fósiles para facer fronte á senda crecente de emisións de gases de efecto invernadoiro. Sendo o sector transporte unha actuación prioritaria posto que representa o 31 % do consumo de enerxía final de Galicia, representando o transporte por estrada un 80 % deste consumo cunha dependencia dos derivados do petróleo do 95 %.

Galicia ten un dos parques de automóbiles máis envellecidos de España cunha antigüidade de 14 anos, polo que a substitución de vehículos de certa antigüidade por vehículos novos eficientes permitiría a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

A Orde de axudas pretende retirar da circulación uns 2.000 vehículos con máis de 10 anos de antigüidade e substituílos por outros máis respectuosos co medio natural, establecendo unha serie de aforros económicos para os condutores, así como a xeración de actividade económica na industria galega de automoción, para o que destina, en réxime de concorrencia non competitiva, 1,1 millóns de euros, dos que 800.000 € se dirixen a persoas físicas residentes na comunidade e 300.000 € a autónomos e empresas con domicilio social ou algún centro de traballo en Galicia. O prazo de presentación das solicitudes comezará o 30 de xullo de 2019 ás 9.00 horas e rematará cando se esgoten os fondos.

Por medio destas achegas, poderanse adquirir vehículos de ata 40.000 €, que poderán ser turismos ou furgonetas, cuxos importes dependerán da clasificación enerxética do modelo. As achegas da Xunta de Galicia poderán chegar ata os 750



€ que terán un desconto similar por parte dos concesionarios, xa que logo os aforros poderán chegar ata 1.500 €

Á vista destes datos a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son as razóns polas que se establece a concorrência non competitiva como forma de concesión das achegas?

2ª) Cales son as razóns polas que se establecen as achegas para a adquisición de vehículos de ata 40.000 €?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2019 13:37:29

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/07/2019 13:37:47



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Vilán Lorenzo, María Carmen Rodríguez Dacosta e José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Nos diarios oficiais de Galicia de datas 21 de maio e 21 de setembro de 2018 e de 28 de xaneiro de 2019, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural publicou o 11 de febreiro de 2019, as resolucións correspondentes nas que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos durante o exercicio 2018.

Analizados os ditos convenios de colaboración subscritos entre Agader con algúns concellos galegos, vemos que a case totalidade dos concellos beneficiados teñen un goberno do Partido Popular, por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre o reparto destes recursos económicos mediante convenios de colaboración con algúns concellos galegos?

2ª) Cales foron os criterios para achegar estas axudas económicas a estes concellos?

Pazo do Parlamento, 19 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 19/07/2019 15:48:36

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/07/2019 15:48:56

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 19/07/2019 15:49:11

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/07/2019 15:49:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre as axudas concedidas a empresas contaminantes.

Entre os vertidos que soporta o río Furelos produciuse nos días 12,13 e 14 de xullo, un de consecuencias ambientais nefastas, ao morrer 10.000 troitas. Non se sabe que tipo de medidas se adoptaron para que non se sigan producindo os vertidos.

Esta zona ademais é Rede Natura 2000, o LIC de O Careón, especialmente protexida malia que é carente de saneamento todo o polígono industrial da Madanela. Os vertidos chegan ao Río Furelos a través do seu afluente Rego de Piñor.

A láctea DAYRLAC S.L., conformada por a cooperativa Aira, a industria con sede en Melide que lideran as cooperativas Icos (Chantada), Codeira (Portomarín), Larsugal (Melide) ten no consello de Administración á propia Xunta que participa a través de Xesgalicia, é a presuntamente a responsable do vertido.

A Consellería de Medio Ambiente incoa un proceso sancionador solidariamente contra concello de Melide e contra a empresa pola comisión dunha infracción administrativa grave en materia de pesca fluvial, que implica sancións desde os 3001 ata os 30.000 euros ademais da indemnización correspondente polos danos e prexuízos causados.

Esta empresa recibe moitas subvencións da Xunta de Galicia, a través do IGAPE e Xesgalicia. O desastre do que se fixeron eco os medios de comunicación debeu



chegar a oídos da Xunta quen comunicou que procedería a veda da pesca no río mais non decidiu cando nin que outras medidas para que non se sigan producindo os vertidos, nin as medidas para paliar os efectos na saúde da poboación nin do medio ambiente.

Dáse, ademais, a casualidade que unha das persoas que foi representante do goberno da Xunta no Consello de Administración da empresa láctea, acusada de ser a responsable da vertedura DAYRLAC SL, é agora a Directora Xeral de Patrimonio Natural na Consellería de Medio Ambiente, e será a persoa que instruirá os expedientes sancionadores, co que a imparcialidade está máis que cuestionada.

Ademais, a Consellería de Medio Ambiente está a facer os estudos técnicos para incoar ou non un segundo expediente sancionador pola comisión dunha infracción moi grave en materia de conservación da natureza, polos danos na fauna e flora no tramo do río que se atopa na Rede Natura 2000, que implica multas desde os 60.000 euros ata os 300.000 euros, e as asunción entre o concello de Melide e a empresa os responsables da restauración do medio natural.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

- 1.- Cando coñeceu a Xunta este vertido no Río Furelos?
- 2.- Cantos informes e denuncias de Axentes Forestais, gardería de Augas Galicia, Seprona ou Policía Nacional Adscrita constatan este vertido?
- 3.- Deriváronse actuacións por delito ambiental á Fiscalía dende a Xefatura Territorial da CMATV ou ao xulgado correspondente?
- 4.- Tomou a Xunta algunha medida provisional que impida a reiteración do vertido?



5.- Sabe a Xunta se sancionou algunha vez á algunha empresa do polígono industrial da Madanela de Melide polas verteduras ao Río Furelos ou no Rego de Piñor? Sancionouse algunha vez ao Concello de Melide polas verteduras ao Río Furelos, ou ao Rego de Piñor?

6.- Que opinión lle merece a Xunta que un polígono industrial sito na Rede Natura careza de sistema de depuración de augas?

7.- En concreto, co recente vertido dos días 12-13 e 14 cal foi a actuación do Servizo de Patrimonio Natural da Coruña? Que tempo de reacción tivo ata organizar os medios? Que persoal actuou? Fíxose a toma de mostras correspondente ao tratarse dun vertido con mortalidade ictícola? Fíxose a denuncia correspondente? Había persoal de garda (axentes da autoridade) os días 12, 13 e 14 con experiencia e formación en vertidos? Adoptouse algunha medida provisional dende que se produciu o vertido para evitalo?

8.- Informouse, por parte da Xunta ou das autoridades competentes a poboación nas zonas de baño próximas da existencia do vertido?

9.- Analizou a Xunta o risco para a saúde pública por causa do vertido?

10.- Vai vedar a Xunta a zona afectada e vanse tomar medidas para a súa recuperación? En que prazo? Que medidas se tomaron para evitar a pesca estes días? E que medidas se tomaron ou pensa a Xunta tomar para evitar danos na saúde das persoas?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2019.



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/07/2019 09:50:10

Paula Vázquez Verao na data 22/07/2019 09:50:22

Luis Villares Naveira na data 22/07/2019 09:50:34

Francisco Casal Vidal na data 22/07/2019 09:51:22



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora Miranda Pena e Antón Sánchez García, deputada e deputado do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do dispostos no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**.

Recentemente asistimos á comparecencia do Xerente do Sergas, Antonio Fernández-Campa, presentando un ano máis os datos das listas de agarda cirúrxicas e de consultas hospitalarias. Esta presentación enmárcase nun contexto de publicidade do SERGAS en medios escritos sobre os “avances” na Atención Primaria. Asemade, contrasta coa percepción das persoas usuarias e profesionais de Primaria, especialmente acuciantes nalgunhas áreas como a de Vigo, que se mobilizaron denunciando a saturación asistencial e a inaccesibilidade a consultas e probas hospitalarias.

Da comparecencia do Xerente do Sergas sobre os tempos de agarda do primeiro semestre do 2019 desprendíanse os seguintes datos:

- A atención ás primeiras consultas hospitalarias situouse en 37,6 días.
- A demora para a realización de probas diagnósticas no ámbito hospitalar situouse en 59,1 días
- As intervencións cirúrxicas realizáronse cunha dilación de 56.4 días.
- En total realizáronse 2.800.000 consultas nos hospitais galegos, das que o 84% foron resoltas por profesionais médicos e o 16% por enfermaría e farmacia.
- Incrementáronse nun 25% as consultas non presenciais.
- Realizáronse 8.700 consultas de “vía rápida” para diagnose precoz de cancro.





-Realizáronse 1.500 probas diagnósticas máis ao día que o ano pasado, maioritariamente radiolóxicas.

-Reducíuse en 3,4 días a agarda para a área cirúrxica. O 54% das cirurxías foron realizadas fora do entorno Hospitalar.

Coma sempre, o SERGAS mantén a súa liña de sesgo na transmisión dos datos sobre a súa actividade asistencial. Nesta comparecencia, como é habitual, non se explicita ningún dato ao respecto da actividade na Atención Primaria, nin das eivas de accesibilidade derivadas da sobrecarga e da lista de agarda neste ámbito asistencial.

Tampouco se realiza ningunha aclaración sobre as listas de agarda non estruturais, nin das derivacións a centros concertados (que supoñen un modo de privatizar o sistema sanitario público e un gasto adicional).

Tampouco se fai mención á capacidade resolutiva da Atención Primaria malia os problemas de accesibilidade ao medio hospitalario, tal como se reflexa, por exemplo, no baixo índice de derivación e na elevada realización de cirurxías ambulatorias.

Por ese motivo, a deputada Flora Miranda e o deputado Antón Sánchez formulan as seguintes **preguntas para a súa resposta escrita**:

-Cal é a lista de agarda media para o acceso a unha consulta de Atención Primaria desagregada por áreas asistenciais?

-Cal é a media de pacientes atendidos cada día nas consultas de Atención Primaria?

-Cales son os datos das listas de agarda non estruturais?: Cantos pacientes se atopan pendentes de adxudicación dunha primeira cita en atención hospitalaria, dunha proba ou dunha cirurxía maior sen figurar en ningunha lista oficial?





- Cal foi o orzamento da campaña de publicidade desenvolvida nos medios de comunicación sobre o Plan de Atención Primaria de saúde?
- Cal é o número de pacientes derivados a centros concertados para a realización de probas diagnósticas, consultas e intervencións cirúrxicas desagregado por cada centro?
- Cal é o coste da atención dos pacientes derivados aos centros concertados?
- Cales son as estratexias desenvolvidas para a optimización dos recursos públicos de cara a evitar a derivación a centros concertados?
- Cales son os datos desagregados segundo a gravidade de patoloxías no que respecta a primeiras consultas hospitalarias?
- Cal é o criterio para a concertación de cirurxías con centros privados en base á súa complexidade técnica e asistencial?
- Cal é o criterio de selección de pacientes derivables a centros concertados en base á súa complexidade/fraxilidade/comorbilidade?
- Por que os pacientes con grande complexidade, unha vez valorados en centros concertados, son devoltos para o seu tratamento cirúrxico a centros públicos?
- Cal é a repercusión das listas de agarda na Atención Primaria de saúde na frecuentación dos servizos de urxencia hospitalares e nos Puntos de Atención Continuada?
- Cal é a valoración do incremento constante na solicitude de probas complementarias a realizar no ámbito hospitalario?

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019

Asdo.: Flora Miranda Pena





Antón Sánchez García

Deputada e deputado do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 22/07/2019 10:15:37

Antón Sánchez García na data 22/07/2019 10:15:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Centro de Saúde de Rianxo, inaugurado no ano 2006, ten consultas médicas polas tardes, das cales se fan cargo dous equipos.

Dende hai meses, profesionais do centro e veciñanza concéntranse ás portas do edificio para reclamar máis persoal de tarde, ou ben que se abra un PAC polas tardes no centro.

A razón é que os cupos de medicina familiar de tarde están saturados (en torno aos 40-45 cada tarde) e a eles hai que engadir as urxencias que soen xurdir, producíndose, en moitas ocasións, unha saturación do centro, pois cando hai un tráfico ou un infarto un dos equipos médicos xa queda deshabilitado, pois ten que acudir a domicilio ou acompañar á ambulancia ata Santiago. Deste xeito, pacientes con cita deben agardar, pedir para outro día ou ser atendidas nun oco do outro profesional que queda.

Asemade, no mes de agosto, por non cubrir na totalidade as vacacións do persoal, queda un só posto de medicina familiar de 19 a 22 horas.

Esta situación motiva que profesionais médicos soliciten o traslado a outros centros.

Rianxo tiña en 2018 unha poboación de 11.104 habitantes, aos que se lle suman visitantes nos meses de verán.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte Pregunta:

- Coñece a Xunta as reivindicacións do persoal e veciñanza de Rianxo en relación ao Centro de Saúde de dito Concello?
- Que vai facer a Xunta para resolver a saturación do Centro de Saúde de Rianxo polas tardes?
- Vai a Xunta aumentar o persoal do Centro de Saúde de Rianxo?
- Ten previsto a Xunta habilitar un PAC de tarde no Centro de Saúde de Rianxo?
- Vai a Xunta dirixirse ao persoal do Centro de Saúde de Rianxo para coñecer as súas necesidades?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/07/2019 11:15:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

A Consellería de Política Social impulsou o programa Correspondentes xuvenís, que consta de diversas actividades de participación de mocidade entre 14 e 30 anos, en centros de ensino e outros lugares.

O certificado de ter realizado as actividades deste programa do ano 2019, entregado ás persoas mozas que participan, foi realizado en lingua castelá, a diferenza doutros anos que se entregaban, loxicamente, en galego.

A Enquisa sobre uso do galego do IGE, de 2013, sinala que só o 18,35% das crianzas entre 5 e 14 anos aprenderon a falar só en galego, facéndoo o 31,46% nas dúas linguas oficiais. Estes datos supoñen un acelerado descenso (de 14 puntos) a respecto dos datos da mesma fonte no ano 2003, cando o 32,43% das crianzas aprenderan a falar en galego, o 20,48% nas dúas linguas.

O Seminario de Sociolingüística da RAG, con motivo do Día Internacional da Lingua Materna, 21 de febreiro de 2018, difundiu o estudo Lingua e Sociedade en Galicia, Resumo de resultados 1992-2016, no que alerta da "crecente ruptura da transmisión interxeracional e duns usos minguentes do galego por parte da xente máis nova, especialmente nos ámbitos urbanos e periurbanos."

Polo exposto, a deputada e o deputado que subscriben preguntan á Xunta de Galicia:



- Por que se expide un certificado de actividades, por defecto, en castelán?

- Considera a Xunta que con este certificado cumpre co disposto no artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística?

- Vai a Xunta remitir ditos certificados en lingua galega?

- Non considera unha chanza entregar un certificado de realización de actividades xuvenís en castelán ao tempo que se gaba de presentar o Plan de dinamización da lingua galega na mocidade 2018-2022 como suposta ferramenta para a normalización lingüística na mocidade?

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 22/07/2019 12:09:26

Luis Villares Naveira na data 22/07/2019 12:09:38



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O debate sobre a inclusión da vacina para a meninxite B, o Bexsero (propiedade da empresa farmacéutica GSK), dentro do calendario vacinal e o seu financiamento sobre a financiación ou non por parte do sistema público de saúde vén sendo, de maneira activa, un elemento de discusión no eido clínico e político sobre o sistema sanitario en Galicia.

Neste debate, que obtivo relevancia pública, existiron opinións diversas e moitos profesionais apoiaron a súa inclusión dentro do calendario vacinal. Esas recomendacións, acompañadas da súa dispoñibilidade nas oficinas de farmacia, provocou unha elevada demanda do produto, a prezos elevados aínda.

Recentemente foi coñecido que existe participación de investigadores españoles do sistema público en estudos e proxectos de diversas farmacéuticas. Entre eses casos, algún investigador do sistema público de Galicia foi financiado, entre outras empresas, pola farmacéutica GSK, propietaria do Bexsero. Estes investigadores promocionaron a utilización destas vacinas, e no caso galego as responsabilidades dentro do sistema público están na dirección do IDIS (Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago), e en particular no área referida a vacinas.

A posible coincidencia de intereses entre a financiación privada e a referencia clínica dentro do sistema público na toma de decisións ou influencia sobre o caso de determinadas vacinas supón, con claridade, un elemento que necesita ser esclarecido.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Tivo o IDIS algunha influencia na decisión do Goberno de Galicia sobre a non inclusión da vacina contra a meninxite B no calendario vacinal?
2. Coñece o Goberno da Xunta de Galicia a existencia deste posible conflito de intereses que afecta ás decisións sobre o calendario vacinal?
3. Cre a Xunta de Galicia que a información sobre posible conflito de intereses dalgún investigador do sistema público de Galicia foi efectiva e notoriamente trasladada en publicacións, informes, proxectos ou participación en tomas de decisións?
4. Considera a Xunta de Galicia que a participación de investigadores, do sistema público de saúde, expertos no tema das vacinas, en proxectos financiados por empresas farmacéuticas responde aos esixibles criterios de ética e profesionalidade?

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/07/2019 13:30:04

Noela Blanco Rodríguez na data 22/07/2019 13:30:14



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Dende o ano 2011, as augas do río Furelos, no Concello de Melide, teñen análises negativas de Augas de Galicia e o Goberno local, que era do partido Popular ata as pasadas eleccións municipais, sabíao dende o primeiro momento. Xa en 2015, o entón deputado Xosé Sánchez Bugallo podía comprobar *in situ* que había varios colectores vertendo augas fecais a caño libre e chegando ao río Martagona, afluente do río Furelos. A entón alcaldesa e hoxe conselleira de Medio Ambiente, Vivenda e Territorio non adoptou en ningún momento medidas correctoras nin fixo actuación algunha.

Consecuencias deses vertidos históricos son que a praia fluvial non poida ser usada para o baño ano tras ano (as análises deste ano 2019 tamén son negativas) ou que o desleixo dunha empresa participada pola propia Xunta de Galicia a través de Xesgalicia-Sodiga teña provocado a morte de milleiros de peixes a pasada semana nun espazo protexido (Rede Natura 2000). Resulta curioso que a Consellería de Medio Ambiente anuncie agora a incoación solidaria de expedientes sancionadores pola comisión de infraccións en materia de pesca fluvial e de conservación da natureza ao Concello de Melide (no que xa non goberna o PP) e a esa empresa na que a Xunta senta representantes no seu Consello de Administración.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que medidas correctoras ten tomado o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2011?
2. Que actuacións ten feito o Goberno para mudar esta situación dende o ano 2011?
3. Que vai facer o Goberno para arranxar o problema de contaminación dende hai anos do río Furelos, no concello de Melide?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 22/07/2019 13:43:58

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/07/2019 13:44:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/07/2019 13:44:25

María Luisa Pierres López na data 22/07/2019 13:44:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentario de En marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan as seguintes **preguntas para a súa respostas escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

O Concello do Grove está a tramitar o seu PXOM e segundo o alcalde do mesmo, nas datas que se relatan fixéronse os seguintes trámites coa Xunta

- O 29 de xaneiro, enviaron o INFORME MEDIAMBIENTAL DO PXOM
- O 05 de febreiro, recibiron o primeiro requirimento de documentación por parte da Xunta.
- O 22 de febreiro, o concello enviou documentación.
- O 27 de febreiro, a Xunta fixo outro requirimento.
- O 18 de marzo, a Xunta volveu facer un novo requirimento.
- O 04 de abril, o concello enviou toda a documentación solicitada.
- O 26 de abril, a Xunta fixo un novo requirimento.
- Con posterioridade o concello di ter remitido toda a documentación solicitada pola xunta

Polo exposto, presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Cales foron os requirimentos enviados pola Xunta ao concello de O Grove, e cales foron as informacións e documentacións remitidas polo a Xunta de Galicia?



- Cal é a situación actual deste proceso?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G. P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 23/07/2019 10:34:21

Marcos Cal Ogando na data 23/07/2019 10:34:31





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á información sobre o cobro de “honorarios” de investigadores públicos pagados por farmacéuticas.

O pasado martes 16 de xullo un medio de comunicación facía pública unha información co título “Investigadores de centros públicos cobran ‘honorarios’ das farmacéuticas cuxas vacinas promocionan”. Afirmar a nova do xornal que o pediatra Federico Martínón Torres, cobrou miles de euros de farmacéuticas cuxas vacinas para a meninxite promocionaban, no medio do proceso polo que o Ministerio de Sanidade debatía a incorporación ao calendario oficial, e ao tempo que a Axencia Española do Medicamento permitiu a súa comercialización en farmacias.

A Axencia do Medicamento tomou a decisión de converter Bexsero de GSK en produto de acceso en farmacias, do mesmo xeito a tetravalente de Pfizer. No 2019 as dúas vacinas pasaron ao calendario oficial a partir dos 12 anos e polo tanto implica financiamento público e miles de vendas.

Informan que o pediatra Martínón Torres ingresou 71.800 euros de Pfizer, 24.500 de GSK, 29.474 de MSD e 23.231 de Sanofi.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Federico Martinón Torres coordina o grupo de Xenética, Vacinas e Pediatría do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, IDIS, é Xefe de Servizo de Pediatría do CHUS, coordinador de **Regalip, Rede Galega de Investigación Pediátrica**, que realiza ensaios clínicos entre outras cuestións sobre vacinas en nen@s galeg@s, ao tempo que ten moita participación en xornadas de formación para enfermería e pediatras sobre vacinas, financiados por empresas farmacéuticas (**Sanofi, MSD, Pfizer, Glaxo**).

Esta información dáse nun contexto no que o Partido Popular foi dando pasos para ceder o I+D+i do Servizo Galego de Saúde ao ámbito privado, de xeito que tanto as industrias sanitarias como a farmacéuticas privadas sexan as principais fontes de financiamento das actividades e instalacións, e polo tanto teñan o control de organismos estratéxicos como ACIS, Axencia de Docencia, Formación, Investigación, Innovación e Avaliación de Tecnoloxías e Servizos Sanitarios, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos.

Deste xeito ceden ás empresas privadas a formación d@s profesionais da sanidade, d@s directiv@s, o control da investigación e da avaliación das tecnoloxías, a investigación, as doazóns de sangue, coordinación de transplantes... Control por laboratorios farmacéuticos e multinacionais da tecnoloxía e da sanidade privada que orientan os contidos ás súas áreas de negocio.

É unha evidencia que a Consellaría de Sanidade e o PP crearon a ACIS, axencia galega do coñecemento en saúde, e a Axencia Galega de Sangue e Tecidos, para dar cabida á “colaboración público privada” e transferir o coñecemento do sector público á empresa privada.



As fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios deben integrarse no sector público autonómico e, por ende, no Sistema Público de Saúde de Galicia. Así mesmo, as súas contas deben someterse a rendición.

O Consello de Contas a este respecto estableceu no informe de fiscalización que “deben establecerse condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento sobre o que asentar a formulación de orzamentos realistas que deben ser acompañadas de medidas rigorosas para o seu cumprimento” e que “debe implantar un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, ao fin de dispor de información adicional á administrativo-orzamentaria, e presentar as contas anuais – o balance de situación e a conta do resultado económico patrimonial – de acordo coas esixencias do referido Plan”.

As fundacións de investigación sanitaria deben ser consideradas como entidades do sector público autonómico e polo tanto a actividade que realizan estar suxeita ás directrices de carácter xeral emanadas pola organización pública.

Parece evidente que esta situación debe ser obxecto de explicación e aclaración por parte d@s responsábeis da Consellaría de Sanidade, xa que todo apunta, como mínimo, a fortes conflitos de intereses.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre a información do cobro de “honorarios” por valor de miles de euros da industria farmacéutica deste profesional con tantas responsabilidades na sanidade pública galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non considera que, como mínimo, estamos diante dunha situación de conflito de intereses?

Podemos ter a garantía de que as decisións e recomendacións que realizan son en base a evidencias científicas e non criterios de vantaxe económica?

Que accións vai realizar para clarificar esta situación?

Que medidas vai tomar para garantir que os intereses da sanidade pública galega non estean supeditados a intereses privados?

Vai realizar actuacións para establecer con claridade o carácter público das 3 fundacións hospitalarias de xestión dos institutos de investigación biomédica de Galiza, e a súa dependencia da Axencia Galega do Coñecemento en Saúde (ACIS), creada a tal fin?

Vai establecer condicións que posibiliten un sistema estable de financiamento nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios?

Existe un sistema integral de contabilidade de acordo coas esixencias do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia nas fundacións de investigación vinculadas aos centros sanitarios?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 23/07/2019 10:31:58

Xosé Luis Bará Torres na data 23/07/2019 10:32:09

Noa Presas Bergantiños na data 23/07/2019 10:32:23

Olalla Rodil Fernández na data 23/07/2019 10:32:36

Xosé Luis Rivas Cruz na data 23/07/2019 10:32:49

Ana Pontón Mondelo na data 23/07/2019 10:33:03



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Patricia Otero Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A provincia de Lugo está a sufrir graves problemas demográficos, entre eles un forte e acelerado proceso de despoboación do rural fonte a cal son necesarias medidas políticas para que poda ser atallado, pero en cambio o que está a facer a Xunta de Galicia é reducir os servizos básicos en educación e sanidade o que impide vivir con normalidade no entorno rural e polo tanto fixar a poboación a pese isto pesar de que o presidente Feijoo afirmou que esta sería a lexislatura do rural.

Así está a pasar no concello de Abadín, que mantén un inaceptable servizo de pediatría.

Para os 107 nenos e nenas en idade pediátrica, a metade con menos de 6 anos, o concello de Abadín conta cun servizo de pediatría no centro de saúde que só os atende dúas horas (de 9 a 11) un único día a semana e por riba este escaso servizo o realiza unha médica especialista en medicina familiar no en pediatría, que se despraza dende Vilalba.

O resto dos días, os nenos e nenas que necesitan asistencia médica teñen que acudir a Vilalba a unha distancia duns 20 minutos en coche, onde non se lles dá cita por teléfono ou internet se a súa médica non está (o que sucede a miúdo porque nunca é substituída ante vacacións días propios ou enfermidade), polo que teñen que desprazarse antes da 9 da mañá para pedir a cita persoalmente no mostrador do centro de saúde de Vilalba e esperar a ser atendidos varias horas despois, cando os facultativos terminen de atender aos pacientes con cita.

E todos estes problemas tamén para atencións cotiáns como una vacina ou un catarro. Ante esta situación son moitos os pais e nais que terminan indo a consultas privadas con todos os gastos que isto trae aparelado, porque está claro que non teñen os mesmos servizos que os nenos e nenas de Vilalba ou de outros concellos.



Moitos pais e nais consideran que están sendo penalizados para que se inscriban no centro de Vilalba e con elo baixe o número de nenos e nenas en Abadín e podan xustificar eliminar a pediatría neste concello.

Esta é unha situación inadmisíbel que non é propia dunha sociedade avanzada e os pais e nais de Baralla están a protestar por esta faltade atención e a reclamar unha mellor atención pediátrica con toda a razón porque están sendo discriminados cunha atención claramente escasa.

Nestes momentos o goberno do PP está a facer propaganda dunha Lei de impulso demográfico, pero está claro que ningunha lei pode paliar os efectos da perda de poboación si o Goberno non pon en marcha servizos sanitarios de calidade.

Os socialistas pensamos que os pais e nais de Abadín que están denunciando a escasa cobertura pediátrica teñen toda a razón e que teñen dereito un servizo axeitado de pediatría no concello onde viven e están censados os seus fillos e fillas polo que o goberno da Xunta ten que poñer remedio de inmediato a esta situación.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Por que o concello de Abadín non ten un servizo de pediatría suficiente para o coidado de todas os nenos e nenas que viven nel?
2. Vai poñer remedio a Consellería de Sanidade a esta situación de servizo de pediatría limitado a dúas horas a semana?
3. Por que o servizo de pediatría o está a realizar unha medico de familia e non un especialista?
4. Que medidas vai adoptar a Consellería de Sanidade para que os veciños e veciñas de Abadín teña o servizo de pediatría que necesita?

Pazo do Parlamento, 22 de xullo de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Patricia Otero Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez



Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 12:22:31

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 12:22:44

Julio Torrado Quintela na data 23/07/2019 12:22:54

Noela Blanco Rodríguez na data 23/07/2019 12:23:06



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa a retirada das preguntas escritas con números de rexistro 43731, 49028 e 47835, correlativas con preguntas orais decaídas por finalización do período de sesións.

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:52:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/07/2019 13:52:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 23/07/2019 13:58:01





Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, solicitan a esa mesa se proceda á retirada das preguntas escritas con números de rexistro 47822, 46261, 44884, 45057, 44795, 44365 e 44038, correlativas con preguntas orais decaídas por finalización período de sesións.

Pazo do Parlamento, 23 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 23/07/2019 13:11:57

Patricia Otero Rodríguez na data 23/07/2019 13:12:22



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

